



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 97

VII lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 3 de outubro de 2007

Presidencia da Excma. Sra. D.^a Dolores Villarino Santiago

ORDE DO DÍA

(Continuación.)

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

Punto único.- Debate anual de política xeral: Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 23176 07/DEBA-0002)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 405, do 10.09.2007

Retómase a sesión ás cinco e sete minutos da tarde.

Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater a situación política da Comunidade autónoma de Galicia. (Punto único da orde do día.) (Continuación.)

A señora presidenta informa do desenvolvemento deste debate, e pídelles ao señor secretario que dea conta das resolucións admitidas a trámite. (Páx. 4.)

O señor secretario (López Vidal) comunica as propostas de resolución admitidas pola Mesa. (Páx. 4.)

Debate das propostas de resolución

Rolda dos grupos parlamentarios para presentación e defensa global das propostas dos demais: *Sr. Aymerich Cano (BNG)* (Páx. 5.), *Sr. Fernández Leiceaga (S)* (Páx. 11.) e *Sr. Ruíz Rivas (P)*. (Páx. 16.)

A señora presidenta suspende a sesión para poder transaccionar sobre as propostas de resolución. (Páx. 23.)

Suspéndese a sesión.

Retómase a sesión.

Rolda de posicionamento dos GG. PP. respecto das propostas dos demais: *Sr. Aymerich Cano (BNG)* (Páx. 23.), *Sr. Fernández Leiceaga (S)* (Páx. 25.) e *Sr. Ruíz Rivas (P)*. (Páx. 27.)

A señora presidenta pídelles aos grupos que lle indiquen as transaccións acadadas para os efectos da votación. (Páx. 30.)

Os señores Lobeira Domínguez (BNG) (Páx. 30.), *Fernández Leiceaga (S)* (Páx. 30.) *len as transaccións acadadas nas propostas de resolución* (Páx.)

Votación das propostas de resolución

Votación conxunta dos textos transaccionados, nos termos lidos, nas propostas de resolución números 29 e 30, 275, 340, 345, 347 e 438 do G. P. Popular de Galicia; na número 16 (do G. P. do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia en relación coa número 350 do G. P. Popular de Galicia) e na número 28 presentada conxuntamente polos GG. PP. do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia: *aprobados por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 31.)

A señora presidenta pídelles ao señor Castro García (P) que lle indique as agrupacións das propostas presentadas conxuntamente polo GG. PP. do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia, para os efectos da votación. (Páx.) 31. *Así o fai o señor Castro García (P).* (Páx. 31.)

Votación conxunta das propostas de resolución dos GG. PP. do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia números 1, 2, 5, 8, 14, 21, 23, 24 e 26: *aprobadas por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 32.)

Votación conxunta das propostas de resolución números 3, 4, 6, 7, 10, 11, 13, 15, 17, 18, 19, 20, 22 e 27 dos GG. PP. do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia: *aprobadas por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 32.)

Votación conxunta das propostas de resolución dos GG. PP. do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia números 12 e 25: *aprobadas por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 32.)

A señora presidenta pídlle ao voceiro do G. P. do Bloque Nacionalista Galego que lle indique as agrupacións das propostas de resolución para os efectos da votación. (Páx. 32.) *Así o fai o señor Lobeira Domínguez.* (Páx.) *O señor Fernández Leiceaga (S) fai unhas aclaracións sobre estas agrupacións.* (Páx.) 32.

Votación das propostas de resolución números 72, 93, 148, 335, 417, 446, 448, 464, 508, 507 e 335 dos GG. PP. do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia: *aprobadas por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 32.)

A señora presidenta pídlle ao señor Castro García (P) que lle indique as agrupacións das propostas de resolución para os efectos da votación. (Páx. 33.) *Así o fai o señor Castro García (P).* (Páx. 33.)

Votación conxunta das propostas de resolución do G. P. Popular de Galicia números 1, 5, 7, 10, 77, 100, 117, 120, 127, 143, 144, 155, 164, 195, 248, 270, 284, 314, 352, 361, 381, 424, 454, 488, 489, 501, 524, 525, 527, 528, 552, 554 e 560: *rexeitadas por 36 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 33.)

Votación conxunta das propostas de resolución números 572 e 573 do G. P. Popular de Galicia: *rexeitadas por 36 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 33.)

A señora presidenta concédelles aos voceiros dos grupos, como é habitual, unha rolda de intervención de cinco minutos de explicación de voto. (Páx. 33.) *Nesta rolda interveñen o señor Aymerich Cano (BNG)* (Páx. 33.), *o señor Rego González (S)* (Páx.) 34. *e o señor Núñez Feijoo (P).* (Páx. 34.)

A señora presidenta suspende a sesión.

Remata a sesión ás nove e dez minutos da noite.

Retómase a sesión ás cinco e sete minutos da tarde.

A señora PRESIDENTA: Boas tardes.

Debate de política xeral: Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (Continuación.)

Debate e votación das propostas de resolución

A señora PRESIDENTA: Boas tardes, señoras deputadas e señores deputados. Prégolles que ocupen os seus escanos e que guarden silencio.

Reiniciamos a sesión... ¡Por favor! Reiniciamos a sesión co debate e votación das propostas de resolución.

A sesión, segundo acordou a Xunta de Portavoces, vaise a desenvolver do seguinte xeito: habrá unha rolda de intervencións dos voceiros dos grupos parlamentarios para a presentación e defensa global do conxunto das emendas..., perdón, das propostas de resolución do seu grupo que terá unha duración de 30 minutos. A partir de aí suspenderemos a sesión durante aproximadamente 45 minutos para que os grupos parlamentarios poidan intentar acadar acordos en torno ás propostas de resolución. A presidenta lle roga que na medida dos posible se axusten vostedes aos 45 minutos. Se é menos tempo, moito mellor.

E seguidamente lle dou a palabra ao secretario da Mesa, ao señor López Vidal, para que dé conta das resolucións, das propostas de resolución admitidas a trámite.

Ten vostede a palabra, señor secretario.

O señor SECRETARIO (López Vidal): Moitas gracias, señora presidenta.

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do 3 de outubro de 2007, logo de examinadas as propostas de resolución formalizadas polos grupos parlamentarios en relación co debate de política xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e tendo en conta a ordenación do debate aprobado pola Mesa do Parlamento e a Xunta de Portavoces de data 18 de setembro de 2006 e o disposto nos artigos 48 da Lei reguladora da Xunta e do seu presidente e 141 do Regulamento da Cámara adoptou o seguinte acordo:

Propostas de resolución presentadas conxuntamente polos grupos parlamentarios dos Socialistas e do Bloque Nacionalista Galego, documento número 24028. Decláranse congruentes e admítense a trámite as 28 propostas de resolución presentadas coa observación seguinte: a proposta número 15, no punto número 2, onde di: “Lei de montes”, debe dicir: “Proxecto de lei de montes”. Eso foi obxecto da corrección de erros co documento 24037.

Propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular, documento número 24034 e corrección de erros documento número 24038. Decláranse congruentes e admítense a trámite as 573 propostas de resolución presentadas coas seguintes observacións: en relación coas propostas que se relacionan a continuación fanse as seguintes observacións:

Primeira. Proposta número 22, substitúese “lei” por “proxecto de lei”. Proposta número 33, substitúese “lei” por “proxecto de lei”. Proposta número 172, substitúese “lei” por “proxecto de lei”.

Proposta número 227. A Mesa ten presente que o debate de política xeral é un instrumento xurídico de impulso e control da acción política do Goberno; xa que logo, somete á consideración da Cámara a singularidade desta proposta.

Proposta número 323, substitúese “lei” por “proxecto de lei”. Proposta número 487, substitúese “lei” por “proxecto de lei”.

Proposta número 524. Diríxese directamente ao Goberno do Estado.

E, por último, a proposta número 571. A Mesa ten presente que o debate de política xeral é un instrumento xurídico de impulso e control da acción política do Goberno; xa que logo, somete á consideración da Cámara a singularidade tamén desta proposta.

Nada máis e moitas gracias, señora presidenta.

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor secretario.

Pasamos, por tanto, á rolda dos grupos parlamentarios para a defensa global das propostas de resolución, comenzando

polo voceiro do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Aymerich Cano.

O señor AYMERICH CANO: Señora presidenta, señorías, o debate do estado da Nación é unha oportunidade, unha ocasión, que temos en cada exercicio político de pararnos a pensar e a avaliar o que se fixo; desde logo de coller folgos pra o curso seguinte, de coller folgos pra seguir respondendo a aquilo que os galegos e as galegas nos demandan. É, nese sentido, un debate útil: avaliamos o realizado, preparámonos pra o que fica por facer. De feito, no esquema do debate, na ordenación do debate, onte foi o día de avaliar o que está feito; hoxe, a través das propostas de resolución, precisamente é o día de comprometerse cos cidadáns a respeito dos novos retos.

Penso que o debate debe servir tamén pra elevarnos, e pra elevarnos en dous sentidos: pra elevarnos e termos a perspectiva de analizar qué é o que este Goberno e a maioría que o sustenta fixo nos dous anos que levamos de lexislatura, pero elevarnos tamén sobre a lixeira –e isto vén de lixo– no que parece que se está a converter a política galega, entre piscinas, sobreprezos, contratación e colocación de familiares. En definitiva, colocar e centrar o debate naquilo que realmente interesa ao pobo galego.

E ao pobo galego interésalle en primeiro lugar a verdade. A verdade de cal era a situación de Galiza no ano 2005, é dicir, a situación que deixou o Goberno do Partido Popular; por tanto, o contexto no que tivo que comezar a operar o novo Goberno. Pra isto non empregarei datos do Bloque Nacionalista Galego, senón empregarei datos dun organismo oficial, do Consello Económico e Social, no seu informe anual para o ano, precisamente, 2005.

Nese ano –di o Consello Económico e Social– o crecemento económico en Galiza era inferior ao estatal. Entre 2000 e 2005 o PIB galego creceu un 2,7%, fronte a un 3,2% de media no conxunto do Estado. No entanto, o PP dicía que converxíamos en termos de renda per cápita. Si, mais era unha converxencia só nominal, unha converxencia pasiva de corrente da mala evolución da demografía: a baixa natalidade e a emigración da xente nova.

Nese ano os orzamentos da Xunta apenas dedicaron 80 millóns de euros a investigación e desenvolvemento e, desde

logo, nese ano as universidades queixábanse de abandono e de subfinanciamento.

Era un crecemento económico, polo demais, desequilibrado territorial e sectorialmente. A construción –non precisamente unha construción sustentábel nin na maioría das veces tampouco legal– era o único motor fronte ao abandono do rural. Había unha evolución negativa –di o Consello Económico e Social– da balanza comercial, non dependendo en exclusiva –esta evolución negativa– da evolución do prezo dos hidrocarburos. Existía unha inflación próxima ao 4% e un IPC galego –con todas as cautelas que debe ter na Galiza a medición do IPC de acordo cos criterios estatais–, en todo caso, máis elevado que o IPC estatal. O emprego evoluía negativamente. Advertía xa daquela o CES –penso que é unha advertencia que cómpre seguir hoxe en conta– acerca da mudanza de metodoloxía da enquisa de poboación activa, e tamén nese ano 2005 cambiouse a metodoloxía do paro rexistrado. Con todo, en termos absolutos e en termos relativos, en comparación coas medias estatais, o paro seguiu evoluíndo negativamente en Galiza. Ese ano, ademais, a ría de Ferrol sufriu unha nova reconversión, unha nova reconversión dirixida polo Goberno do Estado, pero sobre todo unha nova reconversión naval ante o silencio da Xunta de Galiza.

A taxa de temporalidade, do 35%; do 39% nas mulleres, e ese ano 2005, por enésimo ano consecutivo, incrementouse a sinistralidade laboral tanto en termos de número de accidentes como tamén en termos de número de mortos no traballo. O importe medio das pensións e dos salarios galegos era moito inferior aos salarios e ás pensións medias estatais, e ademais crecían menos que os salarios e as pensións do conxunto do Estado. Éramos tamén os últimos en prazas residenciais pra maiores. Iso si, as que habían eran practicamente todas privadas. A baixa natalidade que o Consello Económico e Social dicía que obedecía á deficiente atención das necesidades das familias, desde logo, non provocou nin nese ano nin nos anos anteriores ningunha resposta do Goberno do Partido Popular. Un se pregunta ónde están as prazas desas escolas infantís das que onte falou o portavoz dese grupo.

Tñamos, moi lonxe da Galiza verde da que algúns falan, as rías sen sanear, a contaminación atmosférica sen controlar, as canteiras nunha situación de alegaldade máis propia do

antigo oeste americano que dun país europeo do século XXI, e así seguido.

En definitiva, tínhamos, señorías, un modelo económico inxusto en termos sociais, insustentábel en termos ambientais e –cómpre recoñecelo–, iso si, funcional a rede de intereses e de depredación que tiña no PP o seu valedor político. Un modelo, en fin, lesivo pra as maiorías sociais, e, a pesar diso, o Partido Popular fachendea en representalas. Esas maiorías sociais, señorías, puxéronos, e con xustiza, na oposición.

Poderíamos seguir. Falouse onte de calidade democrática. A falta de respecto á oposición, a falta de respecto á sociedade –temos na cabeza as declaracións homófogas do daquela presidente da Xunta de Galiza–, o clientelismo no acceso aos cargos, empregos e contratos públicos, mesmo co Goberno en funcións era norma no ano 2005.

Falouse onte da crise no Goberno, e xa no 2005 un membro do Goberno, un conselleiro, acusou a un compañeiro de gabinete de enriquecerse co exercicio da política, e iso que aquel gabinete estaba formado por un só partido.

O Consello Escolar infórmanos da degradación da lingua e da cultura de Galiza, aí estaba tamén o *Atlas lingüístico*. ¿Cal era a situación do galego? Perda acelerada de falantes, perda da transmisión interxeracional; iso si, existía paz lingüística, a lingua non era un problema sempre que os galegofalantes non exercéramos os nosos dereitos e sempre que admitísemos ser cidadáns de segunda.

Este é, señorías, o país que o novo Goberno de coalición recebeu hai dous anos; lonxe, moi lonxe, da Galiza idílica que o Partido Popular pregoa. Por esa razón, conscientes do que íamos a recibir e conscientes da entidade do labor que tínhamos que desenvolver, o pacto programático entre o Bloque Nacionalista Galego e o PSOE deseñou as liñas principais da acción governamental: o impulso do emprego de calidade e estábel vencellado a unha economía competitiva e aberto aos mercados obxectores de futuro; o incremento en capital humano, é dicir, un modelo económico non baseado na explotación da man de obra, na precariedade, nos baixos salarios, senón un modelo económico intensivo en I+D, no apoio á universidade, co compromiso de igualdade real entre homes e mulleres; o compromiso cun sistema de benestar

avanzado baseado en servizos públicos, universais e de calidade; a posta en valor do territorio a través de políticas ambientais, urbanísticas e de habitabilidade; e, desde logo, o avance na normalización da nosa lingua, na protección e revalorización da nosa cultura e do noso patrimonio, elementos básicos da nosa identidade como pobo.

Diciase que pra conseguir estes eixos, pra traballar nestas liñas de acción era preciso afondar no autogoberno a través dun novo estatuto e, desde logo, rexenerar democraticamente o país e as súas institucións.

Neste tempo para o Bloque Nacionalista Galego as cousas melloraron, algunhas delas como consecuencia directa da acción governamental, noutros casos –aí está a situación económica a que a seguir me vou referir–, a actuación do Goberno colaborou e estimulou dinámicas sociais positivas, sabendo tamén aproveitar un contexto favorábel.

No ano 2007 –cito agora polo Informe trimestral da Caixa de Aforros de Galiza– o produto interior bruto creceu e sitúase por riba do produto interior bruto estatal. Actúa sobre todo este crecemento impulsado pola industria, non pola construción. E tamén a industria, non a construción, é o principal motor da economía galega en termos de emprego. Hai unha evolución positiva do emprego –con todas as cautelas que se queiran– a respeito das diverxencias entre a EPA e o paro rexistrado, e hai un incremento tamén –un 0,7%, moderado, mais incremento ao fin– da taxa de ocupación. A inflación moderouse cun IPC galego inferior ao estatal e cun incremento dos salarios por riba tamén do IPC e por riba da media española. Isto ten a ver non só co incremento da competitividade, senón tamén –e hai que recoñecelo– pola existencia de forzas sindicais que fan ben o seu traballo, de forzas sindicais que garanten o poder negociador dos traballadores.

Hai melloría, nalgúns casos substancial, dos prezos agrarios, –caso do leite– e, por tanto, hai unha melloría tamén constata dos rendimentos de labregos e de gandeiros.

Porén, non somos tan inxenuos no BNG ou, como se mire, segundo se mire, tan fachendosos como pra pensarmos que todo isto responde á acción do Goberno. E non o somos porque hai tres cuestións, tres precisións, que cumpre ter en conta. En primeiro lugar, porque hai problemas estruturais

que persisten no noso país: seguimos padecendo a emigración da xente nova; seguimos cunha má evolución demográfica; seguimos cun diferencial en salarios e pensións a respeito da media estatal que cumpre enxugar; seguimos padecendo unha excesiva temporalidade no noso mercado de traballo, inferior á do ano 2005, mais pra nós excesiva; seguimos tendo unha sinistrabilidade laboral mellor que no ano 2005, mais porén, pra nós tamén, excesiva. Son problemas estruturais. Era impensábel que en dous anos se fosen solucionar, porén, son problemas contra os que cumpre seguir actuando e intensificando o labor do Goberno.

En segundo lugar, porque no sistema no que estamos inmersos non todos, diría que nin sequera a maioría dos instrumentos de políticas económica están en mans do Goberno. De facto, os poderes públicos teñen na maioría dos casos que incidir de xeito indirecto a través da política fiscal, a través de axudas ou a través da dotación de infraestruturas na toma de decisións económicas.

E, en terceiro lugar —e isto debe de ser especialmente salientado—, porque algunhas das ferramentas máis importantes neste ámbito da evolución económica están en mans do Estado ou en mans da Unión Europea, non, desde logo, en mans galegas. Aí temos o caso do naval, o empeño do Goberno galego, a unanimidade de toda a Cámara en que a construción naval-civil volvese á ría de Ferrol, mais a existencia dunha Sepi, dunha empresa pública dependente integramente do Goberno español que impediu, quizais para favorecer outras producións e outros territorios, que esa arela fose realidade. Seguimos traballando desde o Bloque Nacionalista Galego nese sentido.

Aí está o acordo interconfederal de febreiro deste ano entre as centrais sindicais estatais e a Confederación Española de Organizacións Empresariais que fixa un límite do 2% como suba dos salarios. Se se respeitase en Galicia ese 2%, seguiríamos mantendo ese diferencial, seguiríamos agrandando a brecha que nos separa de Europa e do Estado.

Aí temos unhas pensións que seguen sendo as máis baixas de todo o Estado, mais non está en mans dos poderes públicos galegos regular esas pensións. Podemos tomar medidas —e onte o vicepresidente da Xunta expuxo aquí algunhas delas— pra complementar as pensións non contributivas, pra mellorar as prestacións do Risco ou, como se fixo por parte

da Consellaría de Pesca, comprometer un plano de pensións prás mariscadoras, mais seguimos sen termos nas nosas mans a capacidade de incidir directamente sobre a regulación deste sistema de pensións.

E temos, en definitiva tamén, un sistema de financiamento que nos condena a seguir dependentes dese chamado poder de gasto estatal. É o Estado quen dispón do orzamento e quen decide, facendo tábula rasa das competencias autonómicas, asignar directamente axudas en materia de vivenda, aprobar planos sobre non se sabe que outra materia de competencias exclusiva autonómica, sen que existan no noso modelo, no noso Estado de dereito, mecanismos eficaces para resolver esta flagrante invasión competencial. Xa por non falarmos da política monetaria residenciada no Banco Central Europeo, a política tributaria ou a política de infraestruturas.

En definitiva, estaríamos enganando ao noso pobo se afirmásemos que apenas en dous anos era posíbel invertir tendencias e vencer inercias que levaban décadas instaladas. Dous anos, ademais, nos que o novo Goberno tivo que por racionalidade no caos, na arbitrariedade e na improvisación legada polo Goberno anterior, tal e como o caso da Cidade da Cultura exemplifica de forma maxistral.

E porén, consciente das dificultades e consciente das resistencias, o Goberno está a construír un novo modelo de desenvolvemento baseado na innovación, baseado na sustentabilidade e baseado no aproveitamento das vantaxes competitivas de Galiza e o incremento do noso peso demográfico. Aí están as medidas e os frutos que se están dando esas medidas. Aí esta, por exemplo, o incremento de investimento público en I+D. Dos 80 millóns de euros dos orzamentos do ano 2005 pasamos a 155 millóns nos orzamentos para o ano 2007, camiño de lograr o compromiso que está no pacto de goberno de que no ano 2009 o 1,5% do produto interior bruto galego que medra e que, por tanto, parece que vai afastando ese obxectivo se dedique precisamente a investigación, desenvolvemento e innovación.

Aí está a promoción dun sistema universitario galego —a cincuenta dos gobernos anteriores— máis integrado e que reclama unha melloría do seu financiamento. O obxectivo, como di o pacto de goberno, é lograr o 1% de investimento en universidades, o 1% do PIB no ano 2009, conscientes, consciente

o conxunto do Goberno da maioría parlamentaria que o sustenta, da importancia que o ensino superior ten pra calquera estratexia de desenvolvemento, sobre todo no caso das nacións sen estado.

Aí está a defensa e a promoción do comercio tradicional, fronte ao desleixo do Goberno anterior, aí está unha lei de horarios comerciais e aí está o compromiso do Goberno de traer á Cámara, no seguinte período de sesións, unha futura lei de comercio de Galiza que substitúa a actual Lei de comercio interior.

Aí está o incremento dos recursos destinados a sanidade, a atención dada á atención primaria despois dos pactos de outubro do ano pasado. E despois dunha primeira etapa de racionalización dos recursos do sistema, dos recursos materiais, dos recursos persoais, estamos certos que vai chegar outra no que esas mellorías introducidas e todo ese esforzo sexa realmente percibido polos usuarios.

Aí está claramente a aposta polo ensino público, revertindo a tendencia cara á privatización que o Partido Popular impulsou ano tras ano cada un dos dezaseis anos en que gobernou este país.

Aí está unha oferta de vivenda protexida, 6.500 vivendas no ano 2006 cara a lograr o obxectivo de 25.000 vivendas de protección pública ao fin da lexislatura, e aí está tamén o compromiso da nova Consellaría de Vivenda de perseguir de forma eficaz a fraude de vivenda protexida fronte á inoperancia do Partido Popular e singularmente do anterior responsábel da Consellería de Política Territorial. Aí están os obxectivos do 40% de reserva dos novos desenvolvementos urbanísticos pra vivenda protexida, o rexistro único de demandantes de vivendas ou un programa de aluguer que garante que as axudas van a quen realmente as necesita.

Aí está a promoción de solo industrial de calidade, promoción pública, pra favorecer a implantación de empresas en Galiza e impedir a especulación.

Aí están as 1.100 prazas novas en educación infantil –si, nas galescolas–, camiño de conseguir 6.000 novas prazas ao remate desta lexislatura.

Aí está a aposta polos servizos públicos sociais prá xente maior, prós dependentes, onde o Partido Popular optaba polas subvencións aos seus amigos. Aí está o saneamento, os proxectos de saneamento que deben xa comezar a ser executados. Nas rías galegas no momento actual non existe ningunha ría galega saneada integralmente.

Aí está a aposta por un medio rural vivo e produtivo, impulsando a concentración parcelaria que o Partido Popular deixou abandonada, impulsando o incremento, a dimensión territorial das explotacións a través do banco de terras, incrementando o prezo dos produtos agrarios a través das interprofesionais e, desde logo, toda unha nova política forestal como se recolle nas nosas propostas de resolución.

Aí está a aposta por un ordenamento territorial e un urbanismo sustentábeis e equilibrados; un urbanismo que non esqueza unha función social indispensable para satisfacer a necesidade da vivenda e para protexer a paisaxe. Aí está a protección do litoral, ese litoral que o Partido Popular nos concellos en que goberna –afortunadamente agora menos– sigue querendo depredar.

Aí está o cumprimento efectivo do Plano xeral de normalización lingüística e o Decreto de uso do galego no ensino. Xa existe un pacto pola lingua, e é o Plano xeral de normalización lingüística. Nese pacto están os sindicatos, as asociacións de nais e pais de alumnos, as asociacións de centros católicos; realmente nese pacto, señorías, só falta o Partido Popular e as plataformas que o propio Partido Popular alenta.

Aí está, a pesar do Partido Popular e dos seus alcaldes, a recuperación da memoria histórica e a restauración da dignidade das vítimas e dos represaliados polo franquismo.

Aí está tamén a protección e a posta en valor do patrimonio cultural de Galiza, o apoio ás industrias culturais galegas e a promoción da difusión internacional da nosa creación.

E aí está, por fin, a abertura no ano 2009 de catro dos seis edificios de que constará o complexo da Cidade da Cultura, completándose no ano 2012 a abertura do conxunto do proxecto.

E, loxicamente, non podemos durmir nos loureiros, fica aínda moito por facer. Fica por facer, en materia de rexeneración democrática, reformar o Regulamento desta Cámara.

É un compromiso que está no pacto de goberno; desde logo un compromiso que o Bloque Nacionalista Galego vai impulsar. O propio debate no que estamos está pensado para etapas felizmente pasadas. Xa non hai un goberno monocolor, nin hai, nin temos en Galiza, un sistema presidencialista. Deben ser todas as forzas que están dentro do Goberno as que defendan o labor gobernamental como goberno e debe ser a oposición quen actúe precisamente como oposición. Pero tamén ese regulamento ten que resolver cuestións como a conciliación da vida laboral e familiar das deputadas –e felicitamos á compañeira Amparo, que acaba de ser nai o sábado pasado– ou, desde logo, axilizar o traballo da Cámara, tal e como se di no pacto de goberno.

Aí está pendente tamén a reforma da Lei da Compañía da Radio-Televisión. Non abonda con nomear ao director por este Parlamento, cousa que o Partido Popular non fixo en dezaseis anos. Hai que elaborar unha nova lei que garanta os principios fundacionais do ente e que garanta, desde logo, ese papel motor que a Radio-Televisión de Galiza ten que ter para a creación do audiovisual galego e en galego.

Aí está tamén, desde logo, o voto emigrante. A posición do BNG neste asunto é clara. Deben votar todas as persoas que vivan, residan e traballen en Galiza. Debe votar a primeira xeración de emigrantes. Pensamos que non deben ter dereito a voto nin a segunda xeración nin, desde logo, as xeracións sucesivas, salvo no caso de que teñan exclusivamente a nacionalidade española; por tanto, que non voten no país no que residen. A nosa posición clara, pensamos que apoiada por unha maioría do pobo galego, sen embargo non compartida polas outras forzas políticas. Nin o Partido Popular nin o noso socio de goberno entenden que isto sexa unha prioridade. Pensamos que desde logo Galiza non pode seguir así. Non podemos chegar ás próximas eleccións xerais cun censo emigrante irregular nun 33% e non podemos chegar ás próximas eleccións xerais con máis votantes e menos escanos. Sería un escándalo, e o Bloque Nacionalista Galego non o vai deixar pasar: que Galiza perdesse escanos en Madrid ao tempo que se segue inchando o censo da emigración.

E, desde logo, hai moito que facer tamén en materia de racionalización administrativa. E aquí cumpre falar claro. Cumpre falar claro sen confundir ordenación territorial con organización territorial. Unha cousa son as directrices de ordenación do territorio, outra ben distinta é a planta admi-

nistrativa que queiramos pró noso país. No pacto de goberno diferenciamos ben entre as dúas cuestións. Na páxina 7, cando falamos de entes locais, dicimos “O Goberno galego impulsará unha nova organización administrativa do territorio galego baseado en comarcas, rexións e áreas metropolitanas.” Máis adiante, cando falamos de territorio, falamos de ordenación do territorio, e falamos, efectivamente, das áreas metropolitanas como espazo de planificación, pero son conceptos distintos que, desde logo, en rigor, hai que diferenciar e que nós, desde unha concepción integral de país, desde unha vontade de superar a división provincial de Galiza e, no entanto, mentres non desaparezan, de coordenalas eficazmente, entendemos que é tamén urxente.

E hai que falar tamén, e está moito..., queda moito por facer, de incremento do autogoberno. Non vou perder xa moito tempo en falar do fracaso do novo Estatuto. Penso que fronte ao rebumbio, o xogo revoltó, que intentou o Partido Popular, ese fracaso ten responsábeis e ten culpábeis. O Partido Popular impediu que Galiza tivese un novo Estatuto igual que está intentando impedir agora nos tribunais que Cataluña poda tamén disfrutar dese texto.

Pero deixado o novo Estatuto á parte, un sorpréndese de que onte o portavoz do Partido Popular demandase a reforma do imposto de sociedades, demandase a reforma da Lei de arrendamentos urbanos ou demandase nin máis nin menos a reforma da Lei de axuizamento civil. Esas eran competencias, señorías, que debían estar asumidas no novo Estatuto e que se Galiza non dispón delas neste momento, se non podemos reformar a Lei de arrendamentos urbanos, non podemos reformar a Lei de imposto de sociedades e, desde logo tampouco, a Lei de axuizamento civil a culpa hai que buscala, desde logo, nas bancadas da oposición. Son competencias aínda estatais e non as temos porque o Partido Popular vetou o Estatuto.

En materia de transferencias, somos conscientes desde o Bloque Nacionalista Galego que o Goberno español, o actual e os anteriores –porque isto é unha cuestión transversal– non quere que Galiza amplíe competencias en materia policial, amplíe competencias en materia de tráfico e en tantos outros aspectos; competencias que xa teñen Cataluña e Euskadi pero Galiza non, igual que no ano 81, igual que na LOAPA, e que, se vén Galiza, detrás virán as demais comunidades autónomas. Temos un teito de cristal, como antes se

dicía, que cumpre rachar. Aí, desde logo –e aí están as nosas propostas de resolución–, cumpre un pronunciamento unánime do conxunto da Cámara, un pronunciamento unánime deste Parlamento galego a favor de novas transferencias pra vencer as resistencias e as demoras do Goberno estatal. E cómpre tamén un novo sistema de financiamento autonómico. Estamos en plena revisión do sistema e Galiza debe formular explicitamente cal é a súa proposta, debe formular explicitamente as súas necesidades e os seus intereses: que a emigración, que a dispersión poboacional, que o envellecimento poboacional computen e pesen no novo sistema de financiamento autonómico, desde logo, bastante máis do que pesan agora e, como mínimo, tanto como pensan outros criterios, como pode ser a insularidade. E no saldo da débeda histórica, aínda ben que o Bloque Nacionalista Galego fixo causa da débeda histórica na negociación do pacto de goberno. Un lembra o que dicía a prensa daquela: É unha escusa do BNG falar da débeda histórica. ¿A que nos remontamos?, ¿aos suevos?, dicían tamén desde estas bancadas e desde os seus medios aíns. ¡Pois menos mal que insistimos no 8%, porque ese 8% é agora referencia inescusábel pra todos!

Sabemos que aquí fica moito por facer, e sabemos que aquí, se falamos do tratamento que a Galiza lle ofrecen os orzamentos estatais, é moito tamén o que cumpre traballar. Pero hai que facer, en todo caso, algunhas precisións. En primeiro lugar, dicir, pra que quede ben claro, que os nacionalistas traballamos pra que sexan os poderes públicos galegos, elixidos directamente polo pobo galego, os que planifiquen, prioricen e xestionen os recursos, os investimentos e as infraestruturas de Galiza. Ese é o noso obxectivo. Por iso impulsamos e participamos activamente na elaboración do novo Estatuto, por iso reclamamos a transferencia de novas competencias e por iso defendemos a necesidade dun espazo galego de libre decisión. Pretendemos, por exemplo, que non dependa do Estado decidir cando e como vai ser desenvolvida a rede ferroviaria galega, sobre todo porque xa temos unha longa experiencia do que isto significa, que Galiza fiquen pró final. E así poderíamos falar do resto das infraestruturas e do resto dos investimentos.

Porén, sería irresponsábel que o Bloque Nacionalista Galego non utilizase a forza que os galegos lle conferiron para no entanto lograr nos orzamentos estatais consignacións suficientes para satisfacer, aínda que sexa parcialmente, as demandas do noso país, aproveitando a tal fin todas as oportu-

nidades que se nos apresenten. Así o fixeron na Segunda República Castelao, Otero Pedrayo e Alonso Ríos, e así o está a facer tamén o Bloque Nacionalista Galego nas Cortes Xerais. Frente ao silencio dos demais parlamentarios galegos, presos da disciplina dos partidos estatais, é aperseverancia do BNG a que logrou que pasáramos dos 700 millóns de euros dos últimos orzamentos aprobados polo Partido Popular no ano 2004 aos máis de 2.000 millóns comprometidos nos orzamentos para o ano 2008 á espera aínda da tramitación parlamentaria do proxecto. Porque o Bloque Nacionalista Galego foi quen de comprometer o Goberno español e de condicionar o apoio dos nacionalistas galegos aos orzamentos nun documento asinado en presenza do propio ministro Solbes co portavoz socialista do Congreso. E o BNG condiciona –porque pode facelo– o seu voto favorábel a este documento, aos orzamentos, a que ao fin da negociación se rebasen os 2.000 millóns de euros –descontado o investimento militar– e a que no ano 2008 se inicien as obras do treito Lubián-Ourense, as obras no treito A Coruña-Ferrol, que se acometa a saída sul de Vigo, se dote de servizos ferroviarios de proximidade os itinerarios entre Vigo e Pontevedra, Vilagarcía e Santiago, Coruña, Betanzos e Ferrol, para alén doutras actuacións, como os accesos ferroviarios ao porto de Ferrol ou o saneamento en Santiago e Vigo. Eu pergúntome cales son as condicións que puxo o Partido Popular para votar os orzamentos do Estado. Ningunhas.

Por tanto, aí está, señorías, a diferenza; a diferenza entre un goberno que traballa a prol do desenvolvemento do país e do benestar das súas maiorías sociais; un goberno que promove sen complexos os sinais de identidade deste país e que defende os intereses con firmeza na Unión Europea e no Estado; entre este Goberno e outros, os gobernos do Partido Popular, para o que Galiza é apenas un pretexto ou, no peor dos casos, un medio de enriquecerse. Aí está tamén, señorías, a diferenza entre unha forza política, o Bloque Nacionalista Galego, capaz de pór o seu traballo ao servizo de Galiza, e outra, o Partido Popular, que, como mera sucursal que é, é incapaz nin tan sequer de condicionar o voto dos seus doce deputados nas Cortes ao tratamento que o Goberno español lle dea a Galiza. Aquí hai unha diferenza coa chamada Unión do Pueblo Navarro, a sucursal do Partido Popular en Navarra, que non debe deixar de ser pasada. Dicía o portavoz de Unión do Pobo Navarro que estaban pensando en facer un grupo propio no Congreso para que Navarra non

só se expresase a través da voz de Nafarroa Bai. Ao Partido Popular e ao señor Feijoo iso nin se lle pasou pola cabeza.

A lograr estes obxectivos de maior benestar, de máis democracia e de máis autogoberno diríxense as propostas de resolución apresentadas conxuntamente polo Bloque Nacionalista Galego e o Grupo Socialista para as que, señorías, solicito o seu apoio.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Aymerich Cano.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Boas tardes, señoras, señores diputados.

O debate que tivo lugar onte, nesta mesma Cámara, na miña opinión amosou con claridade que o cambio, un cambio tranquilo pero intenso, é xa unha realidade en Galicia despois de dous anos do Goberno de Emilio Pérez Touriño. Hai un camiño percorrido: desenvolveuse, como quedou de manifesto onte mesmo, un programa lexislativo nutrido, formuláronse plans e programas e adoptáronse múltiples decisións que nos permiten asegurar que os galegos e galegas viven hoxe mellor, están máis protexidos, teñen máis dereitos e oportunidades que hai dous anos. Pero tamén convén recoñecer a inmensa tarefa que nos queda por facer. A herdanza recibida era demasiado gravosa, estaba incrustada de máis nas entrañas da sociedade como para que nacesse unha nova Galicia que a maioría deste Parlamento, e creo que unha maioría aínda máis ampla da nosa sociedade, demanda.

Galicia, que é o noso edificio común, despois de moitos anos de abandono, está experimentando unha rehabilitación integral que, conservando a súa identidade profunda, ten o obxectivo de colocala na modernidade. É unha casa de todos en construción, en obras, que xa tivo nos dous últimos anos reformas urxentes no camiño da súa renovación completa. A política –todos o sabemos– é elección e decisión. A posta en marcha de políticas públicas obriga a organizar os fins, a determinar os instrumentos e os ritmos que nos aproximarán a eles. Gobernar é establecer ese conxunto de obxectivos e

medios. Por eso, antes de entrar na exposición máis demorada das propostas de resolución, convén resumir os grandes obxectivos en cinco grandes rótulos: o primeiro, máis benestar, con converxencia con España e Europa en termos económicos e mellora dos indicadores de calidade de vida; máis igualdade, con equiparación legal, política e social plena entre homes e mulleres, coa construción dun sistema de dereitos máis perfeccionado, con igualdade de oportunidades no conxunto do territorio e para todos os sectores sociais; máis democracia, con máis control sobre a acción dos gobernantes; máis transparencia e rendición de contas na actuación pública; con máis pluralismo e obxectividade nos medios públicos; máis sostibilidade, con preservación dos valores naturais do noso territorio; unha ordenación territorial que nos permita facer compatibles os procesos económicos e o respecto ao medio ambiente; e a incorporación de criterios de sostibilidade á actividade produtiva e de consumo; e, por último, respecto ás nosas identidades, cunha maior apreciación consensual da nosa identidade e unha proxección exterior máis ampla da nosa cultura.

As políticas do Goberno galego desenvoltas hasta hoxe e as propostas de resolución que presentamos á Cámara teñen esas orientacións e teñen esa ambición. O cambio –dicía antes– é xa unha realidade, unha realidade innegable, unha realidade en marcha. O éxito das políticas que se puxeron en práctica desde a Xunta de Galicia nestes anos depende da calidade intrínseca das mesmas, pero tamén –convén recoñecelo– da súa compatibilidade con algúns elementos externos que convén resumir. Estamos nunha oportunidade única de transformar Galicia nun sentido positivo. En primeiro lugar, porque estamos en fase coa política española e europea, coincidindo en obxectivos, en grandes orientacións, coincidindo na necesidade de impulsar o I+D+i e a educación, en manter poboación rural ou en introducir criterios de sostibilidade e equilibrio territorial.

Cos fondos europeos xa se acabaron as incertezas e podemos dicir con rotundidade que os fondos chegaron a un nivel comparable ao do período anterior, fronte a algúns augurios catastróficos, os instrumentos de programación están xa listos para comenzar a súa aplicación, ou vano estar nas próximas semanas, e, por último, dispoñemos xa da definición concreta que nos permite augurar un gran éxito á aplicación destes fondos. É a última gran oportunidade para Galicia con fondos europeos da magnitude de que dispoñemos nes-

tos sete anos, e convén aproveitala eficazmente. Europa tamén, ademais de redistribuír fondos para contribuír a un maior equilibrio territorial a escala continental, é un poder esixente que obriga a un esforzo de modernización notable, favorecendo a produtividade e a sostibilidade, como amosan as directivas sobre as depuracións das rías que terán un oco nas nosas propostas de resolución.

Un segundo elemento externo de enorme transcendencia para nós ten que ver coas políticas do Goberno de España. Na nosa opinión, as políticas do Goberno de Zapatero son unha enorme contribución positiva á modernización de Galicia. En primeiro lugar, convén insistir na importancia que ten a reorientación territorial do investimento da Administración xeral do Estado. Sen estatuto estamos obtendo un 8% do investimento, cerca de 2.000 millóns de euros para o próximo ano 2008. Por cuarto ano consecutivo superamos a media española de fondos de inversión por habitante e nos situamos xa no 130% da media. Estamos, en termos comparativos, mellor que aquelas comunidades autónomas que conseguiron introducir no seu texto estatutario unha referencia aos habitantes ou ao produto interior bruto. A dotación de infraestruturas, sobre todo de transporte –pero tamén ten gran importancia o esforzo que se fai en materia de depuración ou outros–, terá un antes e un despois desta época. Temos que reordenar a nosa memoria personal e a memoria colectiva do país para esquecermos do illamento e dos seus efectos, pois estaremos ben conectados por terra, por mar e por ar.

Ademais, esa reorientación espacial no investimento público é moi relevante para o benestar e o crecemento, porque non ten que ver só con Galicia senón que se produce no conxunto do noroeste peninsular, producindo efecto de masa crítica e de arrastre para Galicia. Impórtanos especialmente que aos nosos veciños, aos territorios máis próximos, lles vaia ben, sexan dinámicos e máis prósperos. E xustamente eso é o que está sucedendo.

Pero a política do Goberno central non se resume só nos investimentos. O compromiso coas pensións mínimas, que medraron substancialmente por riba do IPC durante tres anos consecutivos –un 26,6% do total–, nun impulso do Goberno de Zapatero, que a partir do próximo ano esta Comunidade Autónoma, seguindo a estela de Andalucía, que xa o ten feito, vai prolongar e ampliar o financiamento satis-

factorio de concellos e comunidades autónomas, as políticas de igualdade e de alivio a situacións de dependencia, favorece as sociedades máis fráxiles, aquelas que teñen menor renda. Galicia é unha das grandes beneficiarias dunha política de sensibilidade social e de procura do equilibrio territorial en España sen precedentes. Non podemos ser indiferentes nin neutrais en relación coa política española. Algunhas nos prexudican e outras nos favorecen. O Goberno do señor Aznar foi un elemento paralizador da nosa transformación; o Goberno do señor Zapatero actúa como un catalizador do cambio en Galicia.

O Plan de vivenda do Goberno galego inscríbese, sen duda, no Plan de vivenda da Administración xeral do Estado e finánciase en boa medida con recursos procedentes desta administración. O Plan de atención á dependencia da Xunta de Galicia deriva da Lei de promoción da autonomía persoal, aprobada na actual lexislatura nas Cortes Españolas, e finánciase en parte tamén con recursos procedentes desta administración. E poderíamos dar algúns exemplos adicionais para reforzar esta apreciación. Por eso é reduccionista medir a temperatura das nosas relacións coa Administración xeral do Estado unicamente en termos de transferencias de competencias. Isto é importante, precisamos máis autogoberno, por eso vamos apoiar unha proposta de resolución nesta dirección. Perdemos unha oportunidade para avanzar a paso de xigante coa intransixencia do Partido Popular e o seu sometemento a criterios externos, que bloqueou unha reforma que nos faría dar este paso. Pero cómpre avanzar a pesar de todo gañando espazos competenciais en materia ambiental, na inspección de traballo, etc., a partir do pacto que onte se propoñía nesta Cámara por parte do presidente da Xunta e que ten hoxe o seu reflexo nunha proposta de resolución.

Pero hai que proclamar tamén con rotundidade que xa disfrutamos hoxe dun nivel elevado de autogoberno, como todos sabemos, que somos competentes, somos capaces, temos poder en moitos campos; por tanto, hai que exercer con eficiencia e con ambición os recursos que temos.

Por último, debemos destacar, en contraste co ano pasado, que teñen cambiado unha boa parte de poderes locais nun sentido progresista, o cal vai a facilitar a percepción do cambio, a aproximación do cambio, aos cidadáns, que temos renovado de forma exitosa o Valedor do Pobo e o Consello

de Contas, que temos, por tanto, completado en boa medida a conformación institucional da nosa Comunidade Autónoma, deixando de estar estos elementos relevantes en funcións. Temos unha oportunidade que non debemos desaproveitar.

¿Como proseguir este impulso? ¿Como introducir novas tarefas, novas accións? ¿En que dirección facelo? Vamos a intentar en cinco grandes áreas, que teñen que ver xustamente cos obxectivos, coas ambicións, que eu antes decía, explicar estos cambios e integrar as propostas de resolución.

En primeiro lugar, en relación co modelo económico. O cambio de modelo económico é unha evidencia incuestionable. Levamos seis trimestres consecutivos crescendo máis que a economía española, que se expande a un ritmo moi superior ao Europeo; e con equilibrio, ademais. A nosa converxencia pasou de ser só pasiva a ser tamén activa, é unha novidade absoluta que dure tanto e que o faga, ademais, sen factores conxunturais específicos. De seguir este ritmo, en 8 ou 10 anos estaríamos na media española e notablemente por riba da europea. Creamos emprego nunha taxa elevada, facemos progresar a un ritmo posiblemente menor do que nos gustaría, pero marcado, a estabilidade laboral, reducimos o desemprego a niveis históricos, incorporamos máis mulleres que nunca á actividade e ao emprego, a produtividade evoluciona de xeito satisfactorio.

Sen duda, todo isto, que non é máis que unha descrición da realidade a partir dos informes dos indicadores das institucións máis solventes dos organismos estadísticos máis serios, merece tres observacións do Partido Popular. A primeira, criticar, cuestionar, os datos, correndo por unha pendente esvaradiza que conduce a un certo amarelismo político e unha certa búsqueda dun espazo non centrado da acción política. Eu creo que non merece moitos comentarios esta crítica dos datos de tantas e tantas institucións. En todo caso, unha reflexión que non ten que ver cos datos senón coas institucións neste caso estadísticas. ¿Só sirven cando goberna do Partido Popular? ¿Só se respectan as institucións cando é o Partido Popular o que goberna? ¿Porque valían fai dous anos e non valen agora?

Hai unha segunda reflexión do Partido Popular. É que o Goberno galego non ten nada que ver con isto, o Goberno galego pasaba por aquí, a economía vai por un lado, o

emprego vai por un lado, e o Goberno por outro; o Goberno fatal, a economía moi ben; o emprego ben, o Goberno mal. O bon comportamento de Galicia sería un mero reflexo da positiva evolución da economía española. E claro que ten que ver, claro que a economía española é un determinante central da nosa evolución económica. A mellor noticia para nós é que España marche ben, se a economía española pillara un resfriado, nós, desde logo, nos contaxiamos inevitablemente. O conxunto de España, ben o sabemos, é o noso principal mercado e a orixe de boa parte dos produtos que consumimos. Por certo, esta tese é un recoñecemento implícito que se fai aquí e non en Madrid dos éxitos económicos do Goberno de Zapatero. Pero non se trata de explicar a nosa conexión co ciclo español, coa economía española; trátase de explicar o comportamento diferencial que temos en Galicia en relación coa economía española. E antes o decía o portavoz do BNG —e non me vou a deter moito nesto—: sete trimestres atrás e para atrás estábamos por debaixo en case todos os indicadores. De seis trimestres para aquí estamos por encima en case todos os indicadores. Claro, os empresarios, os traballadores, os autónomos, os profesionais, os sindicatos, os operadores financeiros, son os mesmos que había no 2004 e no 2003 e no 2002; sen embargo, antes do 2005 crecíamos por baixo da economía española e agora crecemos por arriba. ¿Que cambiou? Pois cambiou o Goberno de Galicia, a sociedade era a mesma pero o Goberno non. O Goberno do Partido Popular, o seu Goberno, era un lastre para o dinamismo da nosa sociedade, e o Goberno actual actúa como un acelerador da converxencia e do cambio, porque inspira confianza e estabilidade. Non por acaso a formación bruta de capital fixo, a capacidade de investimento das empresas, está en niveis históricos, en niveis sen precedentes. E eso nos mide a aposta do mundo empresarial polo futuro. Non por acaso o actual Goberno abriu o diálogo social con resultados notables en termos de emprego e estabilidade. Non por acaso o actual Goberno reorienta as políticas en favor da cualificación, a innovación e a cultura emprendedora.

Vamos a seguir insistindo na necesidade de manter esta política e por eso propoñemos reforzar o diálogo social cun pacto pola competitividade, por eso propoñemos unha actuación decidida en materia de formación profesional a través da acción concertada do sistema educativo e das empresas, e por eso vamos a pedir a este Parlamento que apoie a renovación do noso compromiso coas universidades e a súa fun-

ción central como transmisoras dun saber especializado e altamente cualificado e como produtoras do novo saber. Cómpre favorecer a reorientación do gasto universitario en favor da calidade fronte á cantidade, con contratos programa que fixen obxectivos medibles en favor da investigación e da innovación. Sen duda, a FP e as universidades son aqueles segmentos do sistema educativo que de xeito máis directo inciden no mundo produtivo, no mundo da empresa. E ao mesmo tempo vamos a propoñerlle a este Parlamento o apoio a medidas sectoriais, como as que afectan ao sector primario, en concreto as que afectan ao sector lácteo, que é clave no noso agro, é o armazón produtivo de vastos territorios en Galicia, que está vivindo unha boa etapa en termos de prezos, e por tanto de rendas para os gandeiros; solicitando o apoio para que na futura reorganización de organización común de mercados do leite non se introduzan elementos que limiten este pulo sen precedentes do sector.

Hai un terceiro argumento do Partido Popular que ten que ver coa diferenza entre macro e microeconomía. Ao final se acepta: Bueno, a macroeconomía si millora pero a microeconomía non. A microeconomía e a macroeconomía son perspectivas diferentes dunha mesma realidade, e cando agregamos as unidades microeconómicas, pois o que temos é o conxunto, é a macroeconomía, que é o resultado de ter o conxunto das familias, o conxunto das empresas e das administracións. Por tanto, é difícil pensar que poida ir ben a macroeconomía e que a microeconomía vaia mal. Pero é que, ademais, se as empresas crecen máis, invirten máis, e se crean máis empresas, ¿é que lles vai mal? Si os 250.000 autónomos teñen máis dereitos, ¿vailles mal? Si hai 80.000 antigos parados que deixaron de selo e 90.000 contratos temporais que pasaron a indefinidos, aos que protagonizan estes cambios ¿vailles mal? Se os pensionistas con pensións máis baixas e cargas familiares viron crecer as súas pensións o triple que o coste da vida nos últimos anos, ¿vailles mal? Se as familias afrontan o curso escolar con necesidades de menores desembolsos ¿vailles mal? Se baixan o IRPF —sobre todo para as rentas máis baixas—, a estas familias ¿vailles mal? Se baixan o imposto de sociedades, ¿a estas empresas vailles mal? E resulta que todo eso é o que está sucedendo, todo eso é o que está sucedendo, señores do Partido Popular. Claro que hai máis incertidume, claro que o noso entorno económico, nas últimas semanas, nos últimos dous meses, se ten tornado máis esixente. A inestabilidade

de financeira, fundamentalmente estadounidense, e a suba dos tipos de xuro van a afectar o consumo, fan a afectar as perspectivas de inversión, van afectar a demanda de novas vivendas, sen duda que é así. Pero a pregunta non é esta, que está fóra do noso alcance. A pregunta é: ¿estamos ou non mellor preparados para afrontar unha eventual e futura ralentización do crecemento ou incluso unha inversión do ciclo? Pois claro que estamos mellor preparados. A aposta pola produtividade, a innovación, o capital humano, a dotación de infraestruturas ou o solo industrial son a resposta. Non hai un *deus ex machina*, hai políticas sostidas no tempo que preparan o futuro.

Tamén hai que recoñecer, fuxindo de calquera tipo de auto-complacencia, que hai cidadáns, familias ou empresas con dificultades, por suposto. As deficiencias estruturais da nosa sociedade —e máis en economía— non poden ser modificadas en dous días. Por eso convén persistir nas orientacións políticas básicas, e convén insistir en aliviar as continxencias dos que teñen dificultades construíndo espazos para que disfruten dunha nova oportunidade. Como decía onte o presidente da Xunta, a transformación do superávit económico en superávit social e en máis competitividade é a resposta.

Un segundo ámbito no que se centran as nosas propostas de resolución ten que ver coa fenda territorial e ambiental, os cidadáns de Galicia tiveron durante un tempo excesivo nas condicións do seu territorio unha dificultade maior. Como consecuencia, Galicia estaba desvertebrada, medrando os localismos, convertendo o lugar de residencia nun factor de desigualdade, dificultando o agromar de potencias colectivas, de masa crítica cultural, empresarial ou social. En suma, empequenecéndonos colectivamente canto máis grandes eran as distancias que nos separaban.

Os valores naturais, normalmente únicos por estar radicados no territorio, foron percibidos ás veces como unha oportunidade de negocio, ou, cando eran protexidos, cun atranco a sortear, unha resistencia que había que vencer. Se queríamos progresar, deberíamos de destruír, sacrificando no altar do progreso, os espazos naturais de privilexio, afectando as rías ou o mar. Para facilitar esta tarefa se fuxía da planificación do territorio e se permitía que fosen os intereses privados os que conformasen a súa evolución, pero todos sabemos que o mercado non asigna ben os recursos cando existen rentas de situación que poden ser apropiadas ou custes que poden ser

despreciados. Por iso o resultado ten sido todo menos equilibrado: o abandono de boa parte do territorio, con consecuencias humanas e ambientais nefastas, e o consumo excesivo e inadecuado do resto, cun urbanismo desordenado, ou espazos destruídos. A filosofía que inspira o novo Goberno é antitética con todo isto. Primeiro, planificando o conxunto do territorio, de xeito que a vontade colectiva, a vontade democrática, prevaleza; establecendo os espazos a preservar de xeito modulado, establecendo tamén aqueles nos que a acción produtiva e a función residencial son posibles.

En segundo lugar, vertebrando o territorio, de xeito que Galicia se faga máis pequena e segura, en tempo, en distancia, en costes, para que sexa máis grande de xeito colectivo.

Terceiro, ofrecendo novas condicións para a vigorización do medio rural.

E, en cuarto lugar, actuando contra os desequilibrios de carácter territorial.

Así poden ser entendidas algunhas das propostas de resolución que presentamos. Hai autovías e hai outras vías de alta capacidade en marcha, pero trátase de facilitar a xestión destas infraestruturas para facilitar o seu rendemento social e económico ao máximo. Por eso é tan importante aprobar a Lei de transporte público por estrada, para reforzar o funcionamento do transporte de viaxeiros nas áreas urbanas e periurbanas e no mundo rural.

O Plan de reequilibrio territorial está en execución, e o Programa de desenvolvemento rural está ultimado e comezará a render frutos en breve. O primeiro atendendo ás cuestións de infraestrutura e conectividade, de dinamización económica xeral. O segundo, centrado fundamentalmente, aínda que non só, no sector primario, que será a base produtiva dun 80% do noso territorio. O contrato territorial de explotación, o Banco de Terras, a reincorporación de xóvenes, a modernización das explotacións agrarias, deben verse complementados no próximo ano —e así o vamos a propoñer— cunha acción decidida no sector forestal, cun proxecto de lei de montes que facilite a transformación produtiva e a vocación multifuncional de case dous tercios da nosa superficie, que introduza criterios de sostenibilidade, con unha acción que leve ao seu desenvolvemento pleno á xa aprobada Lei de prevención e defensa dos incendios forestais.

O noso territorio pode estar máis protexido e, ao mesmo tempo, ser máis produtivo. A introdución de criterios ambientais nos propios procesos produtivos é unha das claves da compatibilidade que procuramos na produción enerxética, na pesca ou na agricultura.

En terceiro lugar, a rexeneración dos recursos renovábeis é imprescindible para o mantemento das actividades produtivas que o explotan. A depuración das rías con fondos da Comunidade Autónoma, complementarios do esforzo que xa consignan os orzamentos xerais do Estado, é necesaria para manter a calidade das augas e poder manter en boas condicións a actividade extractiva de moluscos. É dificilmente comprensible que despois de vinte anos e 20.000 millóns de euros de fondos europeos aínda teñamos que privilexiar esta acción.

A ampliación de zonas protexidas, por fin, é unha necesidade compatible co mantemento da actividade produtiva e a boa remuneración dos que alí viven.

Si é necesario, podemos renovar a apelación ao consenso, pero o consenso é incompatible coa aposta por un urbanismo desenfrenado, pola ausencia de ordenación, por sacrificar os espazos con valores naturais evidentes, con toda unha política que debemos desterrar. Sen dúbida, a maioría dos galegos apoian neste ámbito a acción do Goberno.

En terceiro lugar, e máis rapidamente, permítanme explicar tamén que a terceira das grandes prioridades ten que ver coa política social. Situamos aquí tres grandes obxectivos neste ámbito de actuación. Primeiro construír un sistema de benestar social en Galicia digno de tal nome. Priorizamos a atención aos dependentes, aplicando a un ritmo elevado a Lei da autonomía personal, ampliando as prestacións reguladas na lei e introducindo a mobilidade como un programa específico.

En segundo lugar, unha atención especial ás dificultades da terceira idade. Xa comentamos o complemento autonómico das pensións mínimas. Hai tamén actuacións notables no sector pesqueiro co seguro de mal tempo ou o plan de pensións para mariscadoras. Hai un programa de centros de día e de residencias que xa foi glosado. En todo caso, convén insistir no carácter eminentemente público deste sistema de atención á terceira idade.

Tamén a atención á infancia e adolescencia, con programas de prevención, protección e educación, na liña das preocupacións manifestadas polo Valedor do Pobo, que serán obxecto dunha regulación específica.

En segundo lugar, a posta en marcha de servizos públicos de calidade, esixencia lóxica dun país moderno e próspero e, ao mesmo tempo, un factor de igualdade básico. En sanidade, cun plan de infraestruturas hospitalarias; na calidade educativa, mellorando o contacto co sistema produtivo; en vivenda, facendo compatibles as axudas do Estado coas axudas propias da Comunidade Autónoma; en relación cos autónomos, dándolle continuidade á plasmación dos seus dereitos.

E, por último, neste breve repaso ás nosas propostas de resolución en materia de política social, hai que incidir tamén na igualdade de dereitos e oportunidades; na igualdade de xénero no deporte, unha atención sanitaria integral á muller que resolverá unha demanda histórica e ben estendida de todas as mulleres de Galicia.

As dúas últimas liñas das nosas propostas teñen que ver co reforzamento da nosa identidade colectiva, fundamentalmente co establecemento dun pacto político e social que permita non só restablecer o consenso sobre o galego, senón implicar na ampliación do seu uso a todos os axentes dinámicos, a todos os axentes sociais dinámicos, porque o galego, que é patrimonio de todos, debe ser tamén un labor de todos a súa normalización.

E no reforzamento da democracia distinguiríamos tres elementos básicos: a ampliación do diálogo institucional e social, a introdución de máis transparencia e a introdución de elementos de planificación e medida, invertindo o que ten sido o método tradicional de facer política en Galicia, donde primeiro se facía e logo se planificaba.

Eu creo que podo pedir ao conxunto da Cámara que lea con atención as nosas propostas e agardo que ao remate desta sesión podamos ver como son aprobadas de forma moi maioritaria.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Fernández Leiceaga.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Santos Ruíz Rivas.

O señor RUÍZ RIVAS: Grazas, señora presidenta.

Señorías, a verdade é que a orden do día falaba de presentación e defensa de propostas, e aos meus predecesores sobráronlle dúas cousas: primeira, tempo, porque a verdade hai que facer un gran exercicio de imaxinación para ocupar trinta minutos con 28 propostas de resolución (*Aplausos.*); e o segundo que lles faltou a todos vostedes, ou lles sobrou: soberbia. A soberbia xa non só de non propoñer, senón nin tan sequera escoitar nada do que onte se lle dixo. Viven vostedes mirando para o pasado. Pero alguén en este país, como os nosos cidadanos e como o Partido Popular, como o Grupo Popular, ten que mirar cara a adiante. Sigan vostedes mirando para atrás, pois eso é o que lle ofrecen vostedes a Galicia. Os seus proxectos para Galicia son 28, 28 propostas. Vergoña lles debía dar a vostedes do pouco que son capaces de entenderse. (*Aplausos.*)

Miren, Galicia é grande, e grande é este país e a súa riqueza, pero grandes son os seus cidadanos, que fan que a pesar deste Goberno, da súa ineficacia, das súas poucas ideas, sexa quen de seguir avanzando. Nós en Galicia temos unha sociedade cohesionada que mira cara ao futuro e que se olvida do seu pasado. Galicia sabe o que quer, os galegos e as galegas están a situar e queren situar a súa terra na vangarda de España e de Europa; quérense sentir orgullosos desta terra. Demandan un goberno de primeira, un goberno forte e unido co obxectivo de crer en Galicia e nas súas potencialidades. Queren un goberno que ao igual que eles mire para adiante, un goberno que sepa o que quer, que sepa como facelo posible, e que nos diga en qué dirección clara queren ir para conseguilo. Queren un goberno con timón único que defenda a Galicia, que marque os seus retos de futuro. Pero Galicia, desgraciadamente, non ten o que quer, porque desafortunadamente en Galicia nestos momentos non temos o goberno que precisa, non temos o goberno que os galegos demandan. Galicia mantense por inercia. Ninguén se cre xa que aquela Galicia negra que describían o ano pasado, aquela Galicia negra que só era culpa da herencia do Partido Popular, nun ano converteuse nesta Galicia esplendorosa, marabillosa, que non ten problemas. Son vostedes uns auténticos magos da demagogia e da publicidade.

Mire, a min me parece e me recorda –que ninguén se sinta agraviado nin pense que vai por eles– a aqueles primeiros artefactos que iban ao espacio, verdade, os *spukniks* e todos aqueles que levaban o mono alí dentro. E o mono, dera o que dera aos botóns, o *Sputnik* seguía avanzando, porque non era o mono (*Aplausos.*) o que dirixía aquel artefacto, senón que xa viña programado de atrás. Pois vostedes siguen vivindo, igual que vivía aquel mono, da inercia do traballo dos que antes programaron esta Galicia de futuro.

Pois ben, vostedes levan gobernando xa 837 días, ¡por favor! É que se inda non foron capaces de identificar os problemas deste país, se inda están instalados no coche oficial, ¿como lle poden dicir aos galegos que lle queren dar resposta a eses problemas? Claro, Galicia só ten 28 propostas de resolución do seu goberno. Queridos paisanos, xa sabedes o moito que se preocupan estes dous interesados amigos de goberno en solucionar eses problemas.

Moi ben, miren... (*Aplausos.*) Lamentablemente vostedes tiñan que dunha vez por todas empezar a gobernar. Porque aquí non hai nin goberno unido nin forte. Miren, señorías, dous perdedores nunca suman un gañador, como dous presidentiños non suman un presidente. (*Aplausos.*) Polo tanto, vostedes que teñan ben claro que Galicia o que necesita é unha man forte e un timón que sepa onde levar esta nave, non tripulacións que cada un tira por un lado e outro tira polo outro. Porque ao final o que descompensan é vostedes esa nave.

Ben, nós queremos un presidente que governe sen ter en conta as ameazas do seu socio de goberno, que non teña que cambiar pola tarde o que dixo pola mañán, que non lle teña que pedir permiso ao señor Quintana, que non lle teña que ter que escoitando unha e outra vez pola tarde o que pola mañán fixo a outra parte do Goberno. Pois ben, para nós si conta esa Galicia de futuro. Si conta o mirar para diante. Nós temos a forza de dezaseis anos de goberno, que por moito que critiquen vostedes valorou quen o tiña que valorar: as cinco vitorias electorales, catro delas por maioría absoluta. (*Aplausos.*) Quen nos valorou a nós foi o electorado. Vostedes só se valoran a si mesmos, están na autocomplacencia, pasen, como pasamos nós, polas urnas e xa veremos o que pensan de todos vostedes. (*Murmurios.*) Porque hasta agora, señores, o que aquí hai non o elixiron as urnas, o elixiron vostedes.

A señora PRESIDENTA: ¡Por favor, un momento, señor Ruíz Rivas!

Vamos a ver, en primeiro lugar, lles quero pedir respecto para a intervención do señor Ruíz Rivas a todos os deputados e as deputadas da Cámara, de todos os grupos. ¡Por favor!, ¡eh! Non vou a consentir que o señor Ruíz Rivas non poida falar. (*Murmurios.*)

No... Empezando... Vostedes tamén, ¡eh!... (*Risos.*) ¡Por favor!

Prosiga.

O señor RUÍZ RIVAS: Gracias, presidenta.

Pero o tono das que escoitei hoxe, pois oblígalle a un tamén a que polo menos se escoite na balanza a crítica que facemos moitos galegos para que a verdade que tapen un pouco, non collan un resfriado, porque van demasiado co peito ao aire. Eso é o que lles pasa.

Mire, nós facemos 573 propostas, propostas en todos os ámbitos. Propostas que teñen por obxecto mellorar todas as eivas que si que detectamos. Polo tanto, nós o que queremos coas nosas propostas é superar o mensaxe, o discurso, que onte dou o señor presidente. Onte o señor presidente estuvo instalado na autocomplacencia, no triunfalismo; onte o señor presidente olvidouse dos galegos que viven no umbral da pobreza, olvidouse da siniestrabilidade laboral, da administración autonómica, do pacto local, da formación profesional, dos medios públicos de comunicación, da nosa xustiza, do deporte, da potencialidade turística, da deslocalización de empresas, da carestía da vida, e olvidouse de ser galego ao olvidarse dos moitos galegos que non están aquí. Eso, ao que vostede practicamente non lle adicara absolutamente nada e que hoxe non teñan unha sola proposta sobre emigración..., a verdade é que teñen vostedes o corazón moi lexos deses galegos que tanto fixeron por Galicia. (*Aplausos.*)

Pero mire, e que non lle parezca mal, vostedes onte olvidáronse, señor Touriño, de dicirnos qué papel xoga Galicia na España constitucional. Nós si temos que opinar sobre España, nós si temos que opinar, non é un problema alleo, é un problema noso, como galegos e como españois. Nós non temos ningún reparo en dicir ese sentimento de galegos que

temos, o defender ao noso país, e non temos ningún reparo en dicir que ese noso gran país tamén é España, e Galicia é España. E vostedes pasaron do máis absoluto centralismo ao oportunismo. *(Aplausos.)*

Mire, eu vou a facer un relatorio un pouco rápido de todas e cada unha das consellerías; cando menos para que escoiten algo, ¿verdad?, do que ustedes son incapaces de escoitar.

Mire, a señora Táboas, que hoxe non está, pasou de ser a conselleira de 25.000 vivendas, ¿verdad?, a que en dous anos sea a de 629 vivendas licitadas. O único que fixo foi dilapidar a herencia de programas que funcionaban, e todos eles, ademais, en beneficio dos xóvenes, como a Hipoteca Xoven e a Bolsa de Aluguer. Adicou todos os esforzos a anuncios, ¿acórdanse? Pasamos dos minipisos aos contenedores reciclados, ás cabañas de madeira, e este ano non sabemos o que nos vai a propoñer. Pero, mire, ¿non sabe que agora os galegos teñen moitas máis dificultades de acceder á vivenda? ¿Non saben os galegos, ou non sabe a señora conselleira que hoxe en día a vivenda en Galicia está crescendo moi por encima do que é no resto do Estado? ¿Que nestes momentos é a terceira comunidade en que máis se encareceu? ¿Eso non lle preocupa? Pois nós si propoñemos medidas para que salgamos de esta paralización. ¿Como lle poden dicir a todos eses galegos con problemas de vivenda que á metade do ano só ten compromisos presupostarios do 13%? É unha vergoña que con tantos problemas non sepan nin destinar nin gastar os cartos que este parlamento aprobou. *(Aplausos.)* Mire, nós si queremos, en materia de vivenda, contratos de aluguer con opción de compra, propostas de inmobles de titularidade autonómica que sexan destinados a vivenda de protección, e mesmo tamén os do Estado. Pois ben, señora conselleira, e lle poñemos inmobles, chan, agora só nos falta xestión. E consiga o que prometeu e non é capaz.

Polo tanto, para que a señora conselleira aprobe, para que o seu deficiente, o seu suspenso, para recuperar materia, o que ten que licitar é as 24.000 vivendas que lle debe a todos os galegos.

Canto ao señor conselleiro de Traballo, xa sabemos que á parte se dedica, que dedica o seu tempo a ser o conselleiro organizador do Partido Socialista Obreiro Español, polo tanto, todo o seu tempo —gracias, conselleiro— dedícao a res-

postar a esta oposición, sumarse á autocomplacencia e, evidentemente, tamén ser dos que mellor utiliza a publicidade institucional. Pero a nós nos gustaría saber, á parte de todo eso, que fai vostede para impedir a perda de emprego no sector industrial, para reducir a temporalidade, a precariedade, que vai a facer vostede, señor conselleiro, cos parados de longa duración, eses que, precisamente, tres de cada dez parados levan máis de dous anos sen traballar. A nós nos gustaría saber que medidas vai a tomar vostede para que teñamos os mesmos efectos que tiñan os xóvenes antes e que lle repercutía a través do Plan Labora. ¿Que pensa vostede agora, como lle chaman vostedes, mobilidade, emigración, ou simplemente veñen moitos máis, a eses 13.000 mozos galegos que emigraron? ¿Ahora que pasa? ¿Ahora que dicen? ¿Ahora cal é a súa resposta? Nunca tantos mozos galegos fuxiron e tiveron que irse da nosa terra como nos dous anos que levan vostedes. *(Aplausos.)* Por eso nós queremos elaborar unha Lei de conciliación da vida laboral e familiar, un Plan de formación profesional, o Plan galego de emprego feminino, o Plan específico de formación ocupacional para os emigrantes, a modernización do Servicio Público de Emprego, atendendo a criterios obxectivos. Polo tanto, a súa nota, a nota da súa xestión, Ila están poñendo todos estes días os folguistas da construción: Suspenso.

Consellería de Medio Ambiente. Mellor dito, “Don Limpio” este cambio o polvo por brillo. *(Aplausos.)* Dá igual os verditos do Umia, dá igual o que sea. Facemos propostas, despois non as cumplimos, ¡que máis dá! Hasta os desastres nos veñen a repercutir na acción do Goberno como algo marabilloso. Dá igual non facer nada, porque a verdade que é o conselleiro da parálise absoluta. Só ten dúas misións. A primeira foi a que cree que lle dá máis rentabilidade política, que é desprestixiar totalmente todo o que fixeron os anteriores. Ben, si só se dedicara a iso, pois, ¡home!, casi podía entendelo en termos políticos, pero, ¡claro!, que pasemos de 50 millóns de euros nos últimos seis meses do Goberno popular a 22 millóns de euros adxudicados en dous anos por vostedes en depuradoras, é dicir, doce depuradoras en seis meses, a nove en dous anos, ¡home!, a verdade é que á parte de desprestixiar aos demais, podía valorar un pouco máis a si mesmo e facer algo. *(Aplausos.)* Porque nós o que lle vamos a pedir ao señor conselleiro é que, á parte de moverlle a silla ao señor Touriño, pois que faga outras cousas. E nós o que lle pedimos é que faga un Plan de residuos sólidos

urbanos, un Plan de residuos industriais e solos contaminados, un Programa de xestión de residuos da construción e demolición, plans rectores de xestión de parques naturais, e que cumpla, entre outras cousas, pois todas esas promesas no Umia.

A súa nota como conselleiro aspirante a presidente é notable; como conselleiro simplemente, un suspenso. ¡Cero patatero! *(Aplausos.)*

A conselleira de Pesca, por certo, coa que teño un gran aprecio, pero a señora conselleira a verdade é que olvidouse de facer do sector pesqueiro unha actividade económica estratéxica para Galicia. Non fala da pesca internacional, da industria conserveira, non acepta consellos, non reúne o Consello Galego de Pesca, non nos di que pasa co bonito, ca pescada, cas mariscadoras, cas cofradías, porque esa Lei de pesca intenta ir precisamente contra as cofradías e a expropiación dos bateiros. ¿Que é o que quer vostede conseguir tendo a todo o sector en contra? ¿Que fai co Plan de acuicultura? Por eso nós temos e queremos realmente resolver e meternos nos auténticos problemas da pesca, por eso pedimos transferencias que nos afectan, plan de continxencias, poñer en funcionamento o Instituto Mariño de Dereito Internacional, etc. Nós, señora conselleira, vostede non pesca tampouco o aprobado.

A conselleira de Sanidade eu alégrome que sólo vaia á recepción dos hospitais e que non teña, gracias a Deus, que ir vostede como paciente, porque realmente as deficiencias do noso sistema son cada vez moito máis grandes. Non sólo a que teña que dedicar o seu tempo a cesar a case todo o seu equipo, senón realmente que non se está dedicando ao que é a verdadeira xestión da sanidade.

¿Pensa vostede que é un balance positivo ter a 230.000 pacientes pendentes de consulta de un especialista? ¿Pensa que o Servicio Galego de Saúde funciona ben cando hai especialidades nas que de medias se esperan máis de 250 días? ¿Non considera un fracaso personal o grave problema de ter lista de espera por primeira vez na consulta primaria, deteriorando o primeiro nivel asistencial? ¿Non considera falta de ética que cando todos estos galegos están esperando unha primeira opinión a vostede se lle encha decindo que vai a ter a segunda? Xa quixeran todos estes 230 ou 240 ter a primeira, e non co retraso que vostede está facendo.

A verdade é que nunca vivimos un momento de conflictividade laboral tan grande como a que vostede viveu. Non construíu un sólo centro de salud; dos hospitales, ¡que falar! Por eso o noso grupo é consciente que hai que dar un paso de unha vez por todas. Por eso propoñemos a existencia de que ningún paciente supere os 45 días de espera para unha proba diagnóstica e que poda acudir a donde desee.

A implantación no calendario vacunal da vacina pneumocócica; incrementar a cobertura asistencial de coidados paliativos hasta o 80%; incluír o termalismo como prestación sanitaria no tratamento de certas doencias. Señora conselleira, a súa cualificación é simplemente, para este examen, de non presentado.

Da de Cultura, tampouco vémosla aquí, pero a verdade si aproba en revanchismo e amiguismo. Revanchismo á hora de botar atrás todos os programas e proxectos que tiña en contra, que tiña o Partido Popular, o Goberno Popular, presentado, e amiguismo á hora de facer as súas contratacións —como ela chama ben— aos seus.

Nós quixéramos saber donde está a redefinición dos espazos paralizados na Cidade da Cultura. ¿Donde está a aportación económica do Estado? ¿Donde está a modernización da rede de bibliotecas? O único que sabe, señora conselleira, é utilizar, unha vez máis, o que son a información que este grupo lle está a demandar día tras día. Nós si pedimos garantir unha aportación do Estado do 33% para a Cidade da Cultura; elaborar un plan de inversións culturais territorializados; un plan de protección e difusión dos pazos; a elaboración dun plan de infraestruturas culturais, entre outras.

Por certo, onte o señor Touriño, en ano Olímpico, olvidouse de mencionar o deporte. Un deporte no que está esnaquizado o que é o deporte escolar. Un deporte, ademais, donde teñen en estes momentos afogamento os clubs, os deportistas e as federacións pola política clientelar que está a facer este Goberno á hora de repartir as axudas. A súa nota como amiga dos seus amigos, señora conselleira, vai a ser un dez, pero como xestora da cultura, un cero.

O señor conselleiro de Medio Rural, ¡querido Alfredo!, ¡quen te ha visto e quen te ve! ¡O que ti eras e o que es! En estos momentos non temos Plan estratéxico para o Medio Rural, non hai a reforma prometida da concentración parce-

laria, non hai o Plan de residuos agrarios, non se sabe nada do Proxecto de lei de montes, da reforma da Lei de montes veciñais, e moitas outras cousas. O que si fixo, e eu creo que fixo ben, foi rezar. Este ano rezou vostede. Non sei se é cren-te ou non, pero rezou para que non chovera, e á parte tuvo un importante cambio no que son as actuacións dos camiões de bombeiros, ¿verdad? Este ano cambiamos, evidentemen-te, de protexer a vivenda do señor presidente a poder encher piscinas, (*Aplausos.*) importante cambio transcendental para o que é a loita contra o lume. En este caso, señor consellei-ro, non se poderá queixar vostede, ¿verdad?, da colabora-ción do alcalde de Camariñas, porque como se queixaban tanto do alcalde, digo eu que lle gustaría que esta labor tan importante contara co seu beneplácito.

Pois ben, nós o que queremos e propoñemos é a revisión dun documento elaborado polo Goberno en relación coa revisión intermedia da [...], artellar estratexias que poidan paliar os efectos negativos do incremento dos prezos dos cereais, a promoción da acuicultura ecolóxica, poñer en marcha o Plan integrado de alerta e vixilancia en sanidade animal e a elabo-ración dun Plan estratéxico do viño. Señor Suárez Canal, por desconocido, un cero tamén.

Consellería de Industria, a verdade é que é a dos grandes incumplimentos. Eu non vou a relatar moitos deles, pero non sólo estamos perdendo peso, non sólo non hai unha política industrial clara, senón que aínda por encima deixamos que nos coman as papas, ¿verdad?, os compañeiros de Ferraz de Madrid, agora tan venerados polos amigos do Bloque Nacio-nalista Galego. Por eso, nós si cremos na nosa industria e nos nosos traballadores, e por eso propoñemos que loiten polas nosas competencias ante Madrid na futura Lei de aguas, no sector eléctrico, nos hidrocarburos, no *cluster*, cre-ando tamén o *cluster* do textil, das rochas ornamentais, da conserva e da agua. E pedímoslle, e onte decíamos e éramos claros, que estudien vostedes a implantación desa segunda papeleira que nós pensamos que Galicia necesita para con-solidar todo o emprego do sector forestal. A verdade que a política do señor conselleiro recorda á da avestruz.

En Educación... ¡home, de propaganda vamos bastante ben, de xestión habería moito que decir! Porque o primeiro que fixo a señora conselleira de Educación foi rachar o consen-so que durante tantos anos tivemos ca lingua, a chamada “paz lingüística”. A verdade é que vostede, e o horario ao que

fai os fax, evidentemente xa ven as moitas ganas que tiña vostede de seguir con ese consenso. Porque, ademais, nós o que si vamos a propoñer é voltar a ese consenso. Voltar a un consenso no que se reconozca a proporcionalidade; donde se reconozcan os dereitos dos alumnos, dos seus pais e dos seus mestres. Vostede rachou precisamente con ese consenso e, se non, mire como os seus socios denuncian ao Concello de Pontedeume porque lle ofrece aos pais escoller o idioma da guardería. Agora si empezamos a ter un problema donde non o había, señora conselleira. (*Aplausos.*) E ¿que di vostede...? Publicita, como se todos o tuveran, os comedores escolares; un de cada oito alumnos. ¿Ordenadores?, parece que cada rapaz vai co seu Pentium, ¿verdad?, ao colexio; un de cada seis. Pois ben, nós pedímoslle non sólo voltar a ese consen-so en materia lingüística senón un plan de loita contra o fra-caso escolar, os centros trilingües, un estudio sobre a situa-ción e oferta de FP nas cabeceiras de comarca e, sobre todo, tamén un proxecto de lei de ordenación do sistema educati-vo non universitario de Galicia.

A verdade que a súa nota... Non, a súa nota, señor Lobeira, púxolla o director de Ames cando lle decía ao señor presi-dente –que pasou un mal momento na inauguración do curso escolar–, e lle decía: “Se está fomentando a cultura do éxito fácil, do desprecio á autoridade, e a Administración non colabora co que fan os educadores”. Si el lle puxo esa nota, imáinate a que lle pondremos nós, ¡outro cero pata-tero! (*Aplausos.*)

Consellería de Política Territorial e Obras Públicas, esta si que é a alumna aventaxada de parar os grandes proxectos, sobre todo os que veñen de fóra, ¿verdade A verdade é que parece que a súa referencia é o estilo que tiña o señor Touri-ño cando era secretario do Estado ou ben a da ilustre señora Magdalena Álvarez, ¿non? Porque, ¡claro!, pouco se está facendo polas infraestruturas de Galicia, en eso copia do señor Touriño. E a esta non lle gusta falar dalgunhas cousas. Á señora Magdalena non lle gustaba falar do Plan Galicia de mer... e a esta señora non lle gusta que lle falen, en absolu-to, da autovía do Barbanza. Pois vai a ter que escoitar unha vez máis que se fale da autovía do Barbanza, porque terán que vostedes xustificar por que os galegos van a pagar 33 millóns de euros máis, porque lle van a facer vostedes unha, ou escollen unha oferta despois, evidentemente, de asesorar-se con quen quixeron asesorarse –amigos, de cada tres, dous–, e, ¡claro!, escollen unha oferta que van a pagar cada

coche que pase por alí 9,4% máis que coa oferta que era a mellor –nón só a máis barata, a mellor–, que é sumar a técnica mais a económica. Isto a esta señora non lle gustaba, e ao final, ¿que pasa? Pois que os veciños do Barbanza temos parados na autovía 42 quilómetros –parados quero decir para o tráfico, a vía rápida que se chamaba, ¿verdad?–. ¿E eso a quen beneficia? Pois, evidentemente, a min non, que vou a tardar 32 horas máis ao mes en vir aquí; nin os cartos que gastamos todos os veciños de Barbanza. Beneficia, evidentemente, unha vez máis, a Sacyr, ¿verdad?, que antes vai cobrar porque antes vai acabar, pero a conta da paciencia dos demais. (*Aplausos.*)

Pois ben, vai a facer trens de cercanías con 78.000 euros. ¡Claro! ¡que máis lle dá á señora conselleira e todo o Goberno! ¿Madrid? ¿Este ano cantos vamos? ¡A ver! ¿Madrid? A ver, que poña o señor Solbes 3.000 millóns. ¿Que máis dá os millóns que poña se despois non os gastan? Poñan vostedes o que queiran, nós o que queremos, por eso facemos propostas, é que eses cartos que non gastan que repercutan. Ou, por exemplo este ano, ¿vostedes cren que é posible gastar nunha anualidad 80 millóns de euros para unha depuradora en Vigo? ¿Vanos gastar sólo no ano 2008? Veña, vayan pensando xa donde o metemos en Galicia porque outra vez vaino a levar o señor Solbes para os seus amigos, ben do norte, do tripartito, ou ben de abaixo, do señor ese, non sei é Chávez ou Chaves, que a veces se me escapa (*Aplausos.*), pero bueno, polas propostas pois a veces non sei realmente cal é. Nós o que si propoñemos é a creación dunha Comisión que avalíe o cumprimento das infraestruturas; que garanta eses 2.500 millóns; e propostas en rede ferroviaria.

O conselleiro de Economía, a verdade, é que é como David Copperfield. Aquel facía desaparecer avións e este o que o ano pasado era todo malísimo, sen darnos unha sola medida, sen facer unha sola proposta, agora vivimos na Galicia marabillosa. Nos gustaría saber como o fixo. Pero a verdade é que a nós o que nos gustaría é que lle explicara a eses galegos que non entenden de macroeconomía nin son tan concedores, como o señor Leiceaga, dos grandes discursos económicos, e que lle expliquen a ese galego que cada vez, ¿verdad?, pois paga 341 euros máis ao ano de impostos, que paga 200 máis por unha hipoteca media ao mes, a todos esos que teñen que gastar practicamente 120 euros ao mes máis en consumo, a eses que o día que non lles sube o pan, súbe-

lle a leite, o recibo da luz, o do gas, etc., etc. A eses fálelles vostede de macroeconomía, que ben lle vai a ir.

A verdade é que é moi difícil que todos os galegos sean tan optimistas como o señor conselleiro e como o señor Touriño. Polo tanto, como seguindo o da maxia, nada por aquí, nada por allá, se non fixo nada, tampouco o podemos aprobar. A verdade que nós si queremos facer cousas, por eso propoñemos un plan verdadeiro de reequilibrio territorial, a redefinición do Fondo de Compensación Interterritorial e a rebaixa de impostos, como sucesións, doacións, patrimonio, sociedades; e, sobre todo, algo que vostedes eran unha medida estrela, non sabemos se do señor vicepresidente ou do señor presidente. ¿Iban a subir vostedes as pensións non contributivas? ¿Donde está esa proposta?, que nós, entre as 28, tuvemos bastante tempo de analizar e non aparece ¿Que pasa? (*Aplausos.*) ¿Non se puxeron de acordo? Nós si temos unha proposta para que, en todo caso, esa suba mínima repercuta en estas personas, cando menos, en 240 euros ao ano.

E ben, señor conselleiro da Presidencia, casi podía decir o señor conselleiro dos líos, vostede pasou de ser o conselleiro estrela, o indiscutible, a ser un compañeiro incómodo. A verdade que vostede, por ter conflitos, os tivo con todo o mundo, hasta co propio presidente. Pero xa sabemos que co presidente tamén pódese ter como cun conselleiro máis, porque cesar non pode cesar nin aos seus, imáginese aos outros. Pois ben, vostede ten o récord de ser o conselleiro con máis ceses, a consellería máis inoperante, a máis pasiva, a máis negligente e conflitiva. A xusticia sólo había que ver o Informe do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia. ¿Que fixo vostede? ¿Que fixeron vostedes cando chegaron? Suprimir a Consellería de Xusticia. Dixemos o que iban a pasar: non hai novas sedes xudiciais, non hai pois novos programas para mellorala e, evidentemente, todo vai peor. Pois ben, nós lle propoñemos que volten vostedes a ese organigrama que quer todo o sector e que á parte lle dixemos que, evidentemente, era moi importante para unha mellor prestación deste servizo básico.

Eu non lle vou a falar doutras cousas, de cargas policiais, do seu talante, dos letreiríos, de si llo impón ao señor secretario xeral, etc., etc. Esas son cousas coas que hai que convivir día a día nun goberno que se leva tan ben. (*Risos.*) Por eso, claro, a nós o que nos interesa é que as cousas funcionen, que a Egap

volva a funcionar, que deixe de facer tantas estatísticas e encuestas e que sea un verdadeiro centro de modernización dos nosos funcionarios. Que se reforce o 112, non que constrúan ou que fagan un novo *chiringuito*. Por certo, onte batiéron o récord de todos os debates da Autonomía, se propuxeron vinte novos *chiringuitos; ahora entes participativos (Aplausos.) y democráticos*. Pois ben, a súa nota, como promesa, como esperanza, era un cinco; a verdade é que xa, como realidade, cando entrou, cero tamén patatero.

O señor vicepresidente da Igualdad e do Bienestar. Bueno, eu non lle vou a dar tanta importancia como el se quixo dar onte, porque onte nin máis nin menos que era o portavoz do Grupo do BNG, e aquí actuaba como presidentiño, o segundo presidente, versión de la mañana e versión da tarde. Pois en realidade nós seguimos decindo que dous presidentiños non suman un presidente, por moito que un ou outro quéranse sacar, ¿verdad?, o seu espacio —e non vou a decidir na TVG, porque aí practicamente só sale un—. Pero, ben, que nos digan as súas promesas da Lei de dependencia, que nos digan por que non é efectivo para os 96.000 galegos ese dereito. ¿Que pasa cos 16.500 grandes dependentes? ¿Donde están os 60 millóns do señor Caldera? ¿Por que non se contou cos servizos municipais? ¿Por que vostedes fixeron esa gran campaña de independencia? Claro, ¿donde están as 1.000 novas plazas de centros residenciais?, ¿e os 40 centros de día máis?, ¿e os 11 centros de Alzheimer? ¿Donde están as 3.000 novas plazas de teleasistencia? ¿Por que se quedou na quinta parte as prazas prometidas en escolas infantís? Por certo, agora xa son escolas infantís, polo tanto, esperemos que non nos fagan perder o tempo nin coa coral infantil que canta o himno galego nin cos mandilóns. Xa pasamos das galescolas á terminoloxía do presidente de escola infantil, espero que teñamos superado toda esa etapa.

A verdade é que o señor Quintana, esta vez sin o mago Antón, pero neste caso Losada, perdeu moito, e onte parecía todo menos o que esperamos dun vicepresidente. Por eso nós o que lle pedimos a esta Cámara é a reforma dos servizos sociais de Galicia, o Plan galego de personas maiores 2007-2010, e que lle reclame ao señor Caldera. De transferencias ben pouco vamos a falar, ¿verdad? Agora van a saber o que é que España nos respecte. E ao final, España —como decía o señor vicepresidente—, pois tres competencias en dous anos. Nunca un Goberno tan pouco tuvo.

Pero, mire, eu vou a rematar co culpable de toda esta desfeita, que non é nin outro que o señor presidente da Xunta. A verdade é que eu téñolle que dar as miñas condolencias por presidir un Goberno defunto. É vostede o presidente dun Goberno que suspende todas e cada unha das súas materias; un Goberno que ten que repetir curso; un Goberno ao que a veces hai que facer o que hoxe tíveme que ver na obriga de facer: que escoiten vostedes o que non están dispostos a escoitar no máis mínimo, que sepan vostedes que hai moitos cidadanos que non lle gusta a autocomplacencia, que hai moitos cidadanos que queren que en vez de pelexar, que en vez de estar sempre pendentes de ser a oposición da oposición, sexan vostedes realmente un Goberno e solucionen todos eses problemas que onte decían que non existían pero que hoxe siguen sufrindo os nosos paisanos. Eso é o que lle pido. Porque este Goberno o que está a traballar é de costas aos galegos, os seus conselleiros míranse de reollo, o que se di por unha mañán ése incapaz de manter á tarde.

Pero, mire, revitalizar ao Parlamento. Aproben vostedes a nosa proposición non de lei de que podamos cada grupo parlamentario, independentemente da maioría, pois ter a competencia en que haxa dúas comisións de investigación por lexislatura; mándenos os máis de 300 expedientes do artigo 9 que siguen vostedes sin contestar; comparezcan vostedes cando o solicita algunha vez o Goberno; non falen de revitalizar.

Mire, eu lle decía que había dous cousas que botei de menos onte: a primeira, que non falara en absoluto da emigración, que non tivera ese, pois, sentimento que temos todos os galegos de que hai algúns galegos que, tan só polo esforzo que fixeron por Galicia e pola distancia que están con nós, merecían outro tratamento no discurso do seu presidente. Eso si, mañán creo que vai a inaugurar unha nova sede, donde estará unha ilustre militante socialista, e alí si podemos comprar vontades, si te he visto no me acuerdo, pero, promesas reais, non hai unha sola proposta.

O señor presidente é un auténtico esclavo...

A señora PRESIDENTA: Señor Ruíz Rivas, co máximo afecto, vaia rematando.

O señor RUÍZ RIVAS: Remato.

Sólo simplemente quería que o señor presidente e o seu grupo escoitara que é un auténtico esclavo do Bloque, dos nacionalismos e dos nacionalistas; que está simplemente apegado ao seu coche oficial, a Monte Pío, e non a escoitar os verdadeiros problemas que teñen os galegos; está máis preocupado en conservar o sillón, que outra cousa.

E nos doe —e esta é a última proposta que vou a leer— que non teña como propio o debate de España, o debate precisamente desa entidade territorial que está en estos momentos cuestionada. E a verdade nós queremos posicionar a esta Cámara a que se nos diga en este debate, a través das nosas propostas, se creemos na España das autonomías ou das soberanías. Si están vostedes en disposición de decir que apoian o previsto na Constitución do 78, que rexeitan referendos e consultas sobre a autodeterminación ou independencia en cualquier parte do territorio do Estado. Nós si seguimos estando donde estábamos, na defensa de Galicia e dos galegos; outros defenden o coche oficial, o seu posto e unha lexitimidad que as urnas quizás lle deron, pero que vostedes, despois desas furnas, foron os que quixeron interpretar os designios do pobo galego que non dixeron o que si vostedes dixeron posteriormente. O que dixeron os galegos é que había un grupo con 37 deputados e que ese grupo era o gañador dunhas eleccións. Despertan do seu sono e póñanse a traballar.

Moitas gracias, presidenta. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Ruíz Rivas.

Lles quero recordar... Por favor, lles quero recordar aos señores voceiros que logo, na hora da votación, lles pediremos... ¡Por favor! Lles pediremos que nos agrupen... Señor Cerviño, ¿podo falar? Moitas gracias, señor Cerviño. (*Murmurios.*) ¡Por favor! Lles pedirei aos voceiros que nos agrupen as propostas de resolución para ser votadas.

Tamén lles recordo que posteriormente teñen un turno de dez minutos para explicar o resultado das conversas de transacción e explicar o voto, e, finalmente, como é tradicional, haberá, unha vez realizada a votación, un turno de cinco minutos para cada voceiro.

Ahora suspendemos a sesión e desexamos que teñan vostedes un bo clima para consensuar as propostas de resolución.

Cuarenta e cinco minutos en principio.

Suspéndese a sesión.

Retómase a sesión.

A señora PRESIDENTA: Señores voceiros, antes de empezar, ¿teñen os textos transaccionados para que poida dar lectura o señor secretario? (*Pausa.*)

Señoras e señores deputados, reiníciase a sesión coa rolda de posicionamento dos grupos respecto das propostas de resolución dos demais grupos.

Comenzamos co Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra o señor Aymerich Cano.

O señor AYMERICH CANO: Ben, desculpas, pero ser o primeiro en falar cando practicamente nin tempo tivemos, despois das transaccións, de ordenar os papeis, ten estas cousas. En todo caso, sei que as súas señorías o comprenden, o entenden e rinse, ademais, con gosto.

Eu antes de entrar nas transaccións, como diría o señor Pita, o hoxe ilustre membro da Mesa, nas mostras de exercicio desa xenerosidade sen límites que caracteriza a maioría que sustenta o Goberno, pois a verdade non me podo resistir a entrar ou a facer algúns comentarios ao fío da intervención antes do señor Ruíz Rivas.

O señor Ruíz Rivas falou de animais, falou do mono do *Sputnik* —eu creo que era unha cadela, a cadela Laika, e de feito hai un filme sueco, *A miña vida como un can*, que é un filme de costumes—, e dixo tamén que dous perdedores nunca suman un gañador. Eu, falando de animais aquí, e non vai por ninguén, o que me decía un amigo, que un burro, por moito que entrene, nunca chegará a cabalo. Será un burro entrenado, pero a cabalo, desde logo, non chegará. E dígollo porque vostede entrena e quere ser como os de Madrid. E, claro, chéganlle as directrices, vén que están agora cunha campaña España, España, España, pero non lle sae iso de nación, entón di que España é unha entidade territorial. Eu espero que Zaplana e Acebes non se enteiren, porque... Chegou agora —¡cuidado, Manuel!—, chegou agora o xefe. Por-

que, claro, vostede pon a España ao nivel dunha parroquia ou ao nivel... ¿non?, e nós, polo menos –falaba antes o noso portavoz–, ¡home!, polo menos chamámoslle Estado, que algo máis que unha entidade territorial é. Pero bueno, vexo que vostedes tamén, xa non na súa intervención, senón a actitude do seu grupo cando se levantan, vitorean e jalean, véñenme a cabeza algunhas imáxenes do Reich, cando a maioría, a única, se elevaba. E dígollo... ¡Por favor!...

A señora PRESIDENTA: Por favor, señor Aymerich, prégolle que procure non utilizar símiles que poidan ser mal interpretados. Por favor, prégolle que retire ese símil, se fai o favor. ¡Por favor! ¿Quérense calar, por favor?

O señor AYMERICH CANO: Eu retíroo. Desde logo, se non lles gusta, pois retíroo, pero, fíxense, non era só pola súa actitude. Proposta de resolución número 329: “O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia á elaboración no prazo de seis meses dun Plano especial de inspección de consumo dos establecementos comerciais orientais radicados en Galiza”. ¡Home!, eu non sei se os van marcar, se lles van a obrigar a levar brazaletes... A Consellaría de Industria, competente en materia de consumo, vai realizar labores de inspección do cumprimento da lexislación a todos os establecementos comerciais, señan orientais, occidentais... En fin, vexo que vostedes van por aí. Van celebrar o Día da raza, o 12 de outubro, nese “España somos todos”, pero xa se ve que somos “case todos”.

Din tamén... Están vostedes coas súas neuras, nas súas propostas de resolución traen aquí os referendos de Euskadi; traen aquí, outra vez, as bandeiras; traen aquí, desde logo, unha galegofobia da que non se dan liberado, pois din cousas como que os pais teñen o dereito a determinar a lingua materna dos seus fillos. E se eu escollo que o meu fillo teña como lingua materna o inglés, ¿como o programo? Terán a lingua materna que escoiten na casa, a que lles falen na casa, pero isto é onde os leva a súa falta de rigor. En todo caso, eu pregúntolles, señores do Partido Popular, se cando gobernaban vostedes –agora tampouco pasa–, os pais podían escoller a lingua na que recibían educación os seus fillos. Os galegofalantes, non; e hoxe en día, tampouco, hoxe en día, tampouco. Se queren defender os dereitos lingüísticos, desde logo defendan os dereitos lingüísticos dos galegofalantes, que son maioría en Galiza e son, ademais, quen os teñen

mais negados; os de todos, pero especialmente os dos galegofalantes. Pero sigan vostedes coas súas neuras.

Á parte de cuestións algo cómicas, porque en materia de deportes teñen unha tamén gloriosa. Din na proposta de resolución número 437: Que a Xunta de Galiza se dirixa ao Concello de Madrid para que Galiza seña unha das sedes das probas náuticas das Olimpíadas de Madrid 2016, porque as de 2012 non, entón, 2016. ¡Home!, están máis próximas as Universiadas de Vigo. Tamén Vigo é candidata ás Universiadas, e aí esquecéronse de solicitálo. Ou outra, que define moi ben cal é esa maioría que vostedes din representar. En materia de deportes, número 426: Que o Goberno presente nun prazo de seis meses un plano de incremento dos campos de golf. (*Murmurios.*) É, desde logo, unha preocupación polo deporte de base que lles honra e que define moi ben de quen reciben os votos –cada vez menos–, pero a quen defenden e a quen representan en realidade.

Pero podemos poñer... (*Murmurios.*) –Por favor, tranquilos.– Podemos poñer algunha cuestión máis. Vostedes, claro, falan de escravos do Bloque, escravos do nacionalismo... Non, aquí hai grupos que poden falar, que son capaces de dialogar e que son capaces de chegar a acordos.

Non lles vou lembrar outro tipo de propostas de resolución curiosas, como cando din, proposta número 396 –penso que será do señor López Chaves–: evitar o deterioro dalgún dos pazos galegos. ¿O de Meirás, non, seguramente? Ou cando falan, por exemplo, en tres propostas de resolución diferentes e consecutivas: un plano de mellora dos locais comerciais, un plano de mellora dos locais dos establecementos comerciais e un plano de mellora dos aseos dos establecementos comerciais. Así calqueira chega a 573. Outra cousa é que digan algo, máis ben non din absolutamente nada.

E, claro, 573 propostas de resolución que, ao final, é un recoñecemento de que vostedes non fixeron nada cando gobernaron. Ese plano que o señor Ruíz Rivas di que tiña na cabeza fronte á improvisación do Goberno actual, digo eu: ¿é que non fixeron vostedes nada? Nin en materia de transportes nin en materia de infraestruturas nin en materia de deporte, absolutamente nada. Iso si, ao actual Goberno, nas súas propostas de resolución, pidenlle que todo estea en 90 días, en tres meses ou xa, como hai algunha proposta en materia de vivenda.

Pero ben, esta maioría plural, esta maioría que dialoga, esta maioría que é capaz de chegar a acordos, bueno, pois chegou tamén a acordos coa minoría da oposición.

Hai, señora presidenta, hai 22 transaccións ofrecidas ao Partido Popular; delas rexeitaron dúas, ¡eh!, pois porque non lles interesa que exista formación profesional nas cabeceiras de comarca porque din que teñen que te levar o correspondente transporte escolar, cousa que eles, desde logo, non puxeron e negaron, e tampouco lles vale outra en materia de montes veciñais en man común porque non queren nin escoitar falar de nova política forestal. Era mellor, desde logo, a deles, ¿non? O monte convertido nunha selva e, eso si, negocio pra uns poucos.

Pois ben, no resto hai propostas, transaccións, ofrecidas en materia de condución responsable da xente nova. Son suxestións interesantes do Partido Popular para que o Goberno elabore medidas e programas que fomenten a condución responsable entre a xente nova. Hai transaccións tamén no que se refire ao plano sectorial de vivenda. Eiquí, claro, eles dicían que o Plano sectorial de vivenda xa. O Plano sectorial de vivenda, hoxe mesmo, día 3 de outubro do ano 2007, publícase no DOG de hoxe mesmo a licitación dese plano xa; efectivamente, xa.

Acéptase a proposta de resolución número 335, sobre unha tarifa eléctrica diferenciada pra Galiza. Chégase tamén a unha transacción –penso que é un exercicio interesante, ¿non?, de acordo, é unha mensaxe moi importante que se lle envía ao sector vitivinícola tamén– pra que a Xunta de Galiza, en liña co que xa estaba facendo, pois intensifique ese traballo de difusión da cultura do viño, de apoio aos consellos reguladores e ademais de compromiso do conselleiro de presentar ese Plano no Parlamento tamén sobre a protección dos camiños de Santiago e tamén, desde logo, para promover a participación de deportistas galegos nas olimpíadas de Pequín.

Xa digo, lamentamos que outras non fosen..., non fosen aceptadas, que outras transaccións ofrecidas non fosen asumidas polo grupo maioritario, pero, en fin, este Goberno traballa e, como dixeran na intervención anterior, se podemos avanzar por consenso, magnífico, pero, desde logo, se non é por consenso, este Goberno ten unha maioría suficiente para impulsar o seu labor, unha maioría suficiente para impulsar

as medidas que os galegos nos demandan, e o Partido Popular non vai frear a acción deste Goberno nin da maioría que o sustenta.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Aymerich.

O señor Fernández Leiceaga ten a palabra en nome do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Boas tardes de novo.

Bueno, a verdade é que o número de transaccións presentadas polo Grupo Popular é, como xa se ten dito, pois, abrumador, ¿non?, 573 transaccións. Eu creo que..., perdón, propostas de resolución, 573 propostas de resolución. Eu creo que podemos entender como se chega a este número tan alto se utilizamos unha clasificación das transaccións..., perdón, das propostas de resolución, e vemos cales son a recetas utilizadas.

En primeiro lugar, eu creo que a primeira mostra de [...] do Partido Popular é utilizar unha antiga canción que me veu á lembranza cando estaba botándolle unha ollada a este número tan alto, que era aquela de mirar no baúl dos recordos, ¡uh!, ¡uh!, ¡uh!, ¿non? (*Risos.*) Porque, se collemos, se collemos moitas das propostas, vemos que PNLs xa rexeitadas que se transcriben literalmente decindo, por exemplo, facendo referencia ás últimas semanas, cando xa pasou máis dun ano dalgún dos acontecementos aludidos, ou collendo emendas dos orzamentos dos últimos anos e volvendo a traelas hoxe como propostas de resolución cando xa foron rexeitadas reiteradamente por esta Cámara, pola maioría que sustenta ao Goberno nesta Cámara.

Hai outras propostas tamén moi interesantes que podemos dicir, podemos englobar na rúbrica de “tarde piaches”, ¿non?, moitas medidas postas en marcha xa polo actual Goberno que agora o Partido Popular, despois de dezaseis anos de non facelas, di: e agora que se fagan, e ademais que se faga xa, a ser posible onte, a ser posible onte.

Está moi ben que vostedes estén pouco a pouco entrando no programa do novo Goberno, estando de acordo con el. Eso está moi ben, pero a verdade é que está un pouco de máis

que teñan tanta enerxía para que este programa se poña en marcha antes de que sexa posible. Temos unha lexislatura, un compromiso cos cidadáns para o conxunto da lexislatura, e, por tanto, é nesta lexislatura donde se deben pedir contas a este Goberno.

Me recordaba algún compañeiro de escano, pois, o tratamento que o anterior presidente da Xunta pois lle ten dado ás propostas presentadas polos grupos da oposición cando estas tiñan o número, pois, excepcional de 170. Decía: Nada, hai que decirlle que non a todas porque non se trata desto. Do que se trata, do que se trata, con un debate como este, un debate do estado da Autonomía, é xustamente ser capaz de instalar no debate político unhas cuantas propostas relevantes que son a osamenta, a nervatura dun programa de goberno, xusto o que non foi capaz de facer onte o seu portavoz, o que non foi capaz de facer onte o seu portavoz e o que hoxe tampouco temos aquí nas propostas de resolución; non de unha especie de *patchwork* de difícil coherencia, traer unhas cousas e outras e presentalas como algo que non é, que é: compromisos para os cidadáns.

Fíxense vostedes, quen fixo compromisos para os cidadáns onte foi o presidente da Xunta de Galicia. Preguntaba o señor Ruíz Rivas hoxe: ¿como é que non está non sei que? ¿Como é que falta? ¡Oigan vostedes!, cando o presidente da Xunta vén a este Parlamento e establece compromisos solemnes con este Parlamento non temos ningunha necesidade os grupos que apoiamos o Goberno volver a traelo aquí, porque xa está perfectamente (*Murmurios.*), está perfectamente comprometido cos cidadáns.

Cando o presidente da Xunta e o vicepresidente onte aquí nos explican con claridade que o próximo ano vai haber un complemento para as pensións mínimas de carácter autonómico, vostedes o que fan é —nunca o fixeran até agora, nunca quixeran facelo—: nos traen unha proposta que intenta dicir, como xa ocurría noutras ocasións, colgarse a medalla. Pois non se van poder colgar a medalla porque vai ser este Goberno o que o poña en marcha. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Eu creo que non lle chegou o tempo que tiña onte, señor Núñez Feijoo, pero aínda terá unha ocasión de volver hoxe a intervenir, me parece, en nome do seu grupo, se o considera oportuno. Pero déixeme a min dicir o que teño que dicir. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

Por rematar, por rematar rápido con algunhas das observacións do señor Ruíz Rivas. Nós podemos ser soberbios pero, señor Ruíz Rivas, a primeira parte da súa intervención superou amplamente a soberbia: ¡Solo ustedes representan a mayoría dos cidadáns! Falso. ¡Só ustedes están en disposición de gobernar Galicia —era o que nos estaba intentando decir—, porque non son razonables os gobernos de coalición! Oiga, ¿non son razonables os gobernos de coalición? Pero, fíxense vostedes, ¿que están facendo en Canarias? (*Aplausos.*) ¿En Canarias vale e aquí non? ¡Hombre!, unha mostra de coherencia un pouco estraña nun partido que presume de ser un partido unificado no conxunto de España. Pois para ser un partido unificado no conxunto de España están tendo vostedes comportamentos oportunistas, demasiado oportunistas en todas partes. Eso si que é un exercicio de soberbia.

E, claro, falar de pasar polas urnas, de pasar polas urnas, cando o señor Núñez Feijoo non se presentou ás eleccións para presidente da Xunta, pois é un pouco forte dicir eso neste Parlamento, señor Ruíz Rivas. Cando hai 126.000 votos máis, 26.000 cidadáns máis en idade de votar deste lado que deste lado, aínda que só se traduza, polas desigualdades da Lei electoral, nun único escano de diferenza, pois é un pouco forte, señor Ruíz Rivas, e non se pode falar de soberbia. Soberbia é quen representando a unha proporción importante dos cidadáns —pero, en todo caso, unha minoría— pretende ser o único que ten lexitimidade para gobernar. Eso si que é ter soberbia.

E, por outra parte, a min me gustaría decirlle que votos son os que valen, os votos dos cidadáns que recentemente teñen sido chamados ás urnas noutras convocatorias; eso é o que vale e non as notas que vostede estivo dando con certa frivolidade.

Por último, en relación coas súas propostas, pois a verdade é que, despois de todo isto, creo que hai pouco que se pode dicir das súas propostas. Das 517, hai unha proporción moi elevada que intentan situar a este Parlamento diante de acontecementos que non lle corresponden. ¡Oiga!, ¿vamos ser nós agora quen necesitemos defender o estado das autonomías ou a España constitucional? Non está en perigo. O único perigo que pode haber para isto quizás é a súa actitude como partido. Ese é quizás o único perigo. Pero o presidente do Goberno deixou moi claro en relación con isto o que hai que facer (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), que é

utilizar a legalidade que existe, que é o que se vai facer, e nada máis.

¿Proximidade, proximidade aos cidadáns de Galicia, proximidade aos cidadáns de Galicia con estas cousas? ¿Partido que quere gobernar e intenta introducir un criterio de xestión dos orzamentos do Estado desde aquí que non existe con ningún orzamento de ningún país do mundo? ¡Hombre!, señor Núñez Feijoo, quizás vostede si, que está dicindo que si. O señor Orza é verdade que eu non me esperaba esto del despois de dezaseis anos de xestión do orzamento da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)* Non mo esperaba, teño que dicir, porque non é serio, porque non é serio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: ¡Por favor, por favor! Lles prego silencio porque, se non, vou a ter que empezar a chamar ao orden, claro. ¡É que...! Eu comprendo que están cansandos...

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Por non falar...

A señora PRESIDENTA:... pero, ¡por favor, eh!

Escoiten con respecto...

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:... Por non falar doutras referencias...

A señora PRESIDENTA:... ao señor Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Si. Por non falar doutras referencias, como as feitas á emigración cando, en contra do que se dixo aquí, o señor presidente da Xunta fixou onte algúns compromisos dos seu Goberno para os galegos emigrados e cando a historia recente nos di que na oficina, na oficina de Bos Aires –e hai algún deputado aquí que pode corroboralo–, estaba ao cargo do presidente do PP en Arxentina e incluso foi obxecto dalgunha transmisión hereditaria no seo da familia a dirección desa oficina. E esa era a situación en Bos Aires, que se corrixe cunha abertura dunha delegación que lle dá un rango diferente xustamente para atender aos cidadáns emigrados en Galicia no exterior.

Eu creo que hai un conxunto de propostas, en relación cos impostos, que teñen un único obxectivo e que non vamos apoiar. Teñen como obxectivo introducir na rede de servicios

públicos un boquete financeiro de proporcións considerables, cando é competencia da Comunidade Autónoma. E cando non é competencia, é puro oportunismo e pura demagogia, sobre todo cando é o Goberno actual de España o que ten reducido amplamente o IRPF e o imposto de sociedades. Non se pode atentar contra a saúde financeira dos servicios públicos e dicir ao mesmo tempo que se quere unha política social activa. Non é verdade, non é creíble, non é coherente. A política social activa esixe recursos e esixe manter un tipo..., un nivel impositivo como o que temos agora, en todo caso con lixeiras reducións. E non se pode pretender facer eso, ademais, cando todas as medidas caen do mesmo lado, aqueles que teñen máis recursos, que teñen máis propiedade. ¿Ou quen paga o imposto de patrimonio? ¿Ou quen paga o imposto de patrimonio? ¿É o imposto tamén, como se ten dito aquí, que grava fundamentalmente as clases medias asalariadas? ¿Se pode dicir eso con algunha contundencia? Non é verdade. Sempre as súas medidas van a reducir a carga impositiva a aqueles que máis teñen. Ten un sesgo antisocial.

Por último, en uso da inmensa xenerosidade que teñen os grupos que apoian a este Goberno, como dicía o señor Aymerich, pois, vamos a introducir algunhas, espigando entre o conxunto das propostas do Partido Popular aquelas que poden coincidir máis coa liña política do actual Goberno, introducir algunhas das... Vamos apoiar algunhas das súas propostas e introducir algunhas transaccións que teñen certa relevancia en distintas áreas que van a permitir que este Parlamento faga, entre outras cousas, a función para o que..., que ten encomendada.

Nada máis e moitas gracias. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Leiceaga.

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Ruíz Rivas.

O señor RUÍZ RIVAS: Gracias, presidenta.

Bueno, eu co señor Aymerich non vou a discutir quen sabe máis de animais. Parece que me gana el por ampla maioría. *(Aplausos.)* Dito iso e falando de restar, ¡home!, que veña vostede falando de Restag, cando o seu jefe máximo accede a unha alcaldía ou a un concello subindo polo balcón,

pois, ¡xa me dirá vosté! (*Aplausos.*) Foi o mesmo, foi o mesmo, precisamente, que alí aplicou. Pero, mire, nós queríamos unha potenciación, evidentemente, dun turismo importante a través dun deporte importante, como é o golf. Nós pedíamos un campo de golf. ¿Sabe vostede que leva ese concello emblemático como o de Allariz tres anos tentándoo? A ver se alí é un campo de golf eso é o que queren. É un campo de golf tamén. Tres aniños intentándoo.

Mire, e nós facemos moitas propostas, quinientas e pico. ¡Home!, vostedes, minoritarios como eran –e sempre foron e siguen sendo por moito que estén nos coches oficiais–, pois xunto co outro grupo minoritario, facían no ano 2004 239. Que agora non teñan tan agilizada a súa mente e non sean capaz de ver as propostas que a este facían, non lle bote a culpa ao noso grupo por ter iniciativa, e sobre todo ter gana de que este país mellore.

Ao meu amigo o portavoz do Partido Socialista, ¡home!, o señor Núñez Feijoo foi nunha lista, e ademais nunca foi en máis dunha lista, ou sexa, experiencia para ir en máis listas seguramente ten vostede bastante máis que o señor Núñez Feijoo. (*Aplausos.*)

Polo tanto, ¡claro!, a nós o que nos chama a atención é que a primeira das nosas propostas sean que vostede acrediten, pois, o cumprimento de todas as resolucións que dixeron o ano pasado que iban a aprobar, e nin eso. ¿Por que? Porque non cumpriron ningunha. ¿Que máis lles dá que a aproben vostedes? (*Aplausos.*) Eso..., se esa é a súa mecánica, ¡que máis lle dá que de Madrid veñan 1.000 millóns, 2.000, 3.000!, van a gastar o que queren alí os de Ferraz. Eso dálle igual. Pois..., o que vostedes aproben, ¿que máis dá o que vostedes aproben, deixen de aprobar? O importante é poñer aquí a autoridade, poñerse enriba aí do atril e decir: “Non, a vostedes, de quinientas e pico, vámoslle a aprobar 10. Pois nós aprobamos bastantes máis das súas. Eu creo que eso é un exemplo.

Nós propoñíamos varios pactos. Dos que onte propoñían vostedes, ningún deles apareceu aquí. É decir, non sabemos que queren facer agora con tráfico. Non sabemos que queren facer vós, precisamente, coas pensións non contributivas, canto as queren subir, porque acaparar a prensa acapararon moitas. Nós temos unha proposta ben clara, porque digo que o señor vicepresidente xa o anunciou o ano pasado ¡eh!, e

que leva ca mesma noticia dous anos. O que aforrou en publicidade, igual xa podían ter estes pensionistas subido algo. (*Aplausos.*) ¡Menos publicidade e subirlle! (*Aplausos.*) Nós lle estamos a decir: 240 euros ao ano. Non nos parece... ¿verdad?, cando menos que vostedes se pronuncien, que ofertaran unha transacción. ¡Que va!, o que lle cadre; según lle diga o de Economía, así vostedes facerán. Moi ben.

Mire, a nós non nos dá sarpullidos falar de España nin nomear España, porque somos galegos. Pero non temos ningunha vergoña, ao contrario, temos orgullo de sentirnos españois; é que nunca o negamos. A min que algún anden agochados: se son, non son, se deixan de ser; ese é problema deles. Nós vámolo a seguir decindo co mesmo orgullo que decimos sempre. (*Aplausos.*) E somos tan galegos como o que máis e defendemos a Galicia como o que máis. Leccións de galeguidade, ningunha. Xa sei que en eso si que nós podemos darlle a moitos leccións de españolidade. Igual eso lle doe, pero a nós non, ¿vale?, a nós non. E nós, ademais, hasta podíamos estar máis queixosos, que fixemos a mili, señor Lobeira, non como usted. (*Risos.*) Ou sea, que tampouco sei por que se queixa tanto.

Mire, nós propoñemos ben claro: “O Parlamento reitera o seu apoio ao Estado da autonomía prevista na Constitución española do 78 e mostra o seu rexeitamento a referéndums ou consultas sobre autodeterminación ou independencia en calquer parte do territorio do Estado contrarias á devandita Constitución”. Parece que non é tanto pedir, ¿verdad? Aquí, xurar eso, parece que se xuraba, cando menos. “O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno de España para pedirlle o estrito cumprimento da legalidade constitucional diante dos anuncios feitos polo señor Ibarretxe sobre a convocatoria do referéndum en Euskadi e lle manifeste” –que parece que somos nós os que lle manifestamos, ¿verdad?– “o apoio ao seu Goberno en todas as medidas conducentes a impedir a súa celebración.” (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Bueno, parece que eso é moito para vostede, ¿verdad?

Bueno, nós ofrecemos outros pactos importantes; á parte dese pacto, ofrecemos o pacto fiscal. Pero ¿por que tamén lle dá sarpullidos...? Aquí parece que según quen o presente é bo ou malo. ¿Por que en Castela A Mancha tamén están suprimindo impostos de sucesións? ¡A ver se eses non son socialistas! (*Murmurios.*) Vale. ¿Por que o PSOE de Madrid

está pedindo a supresión do de patrimonio? ¡A ver se eses non son socialistas!, ¡a ver! (*Aplausos.*) ¡Claro!, ou sea, se alí o piden, ben; se aquí nós, que si temos coherencia en todo o ámbito de España, ¿verdad?, entón, nós non temos coherencia, agora vostedes si porque a pluralidade é dicir o que lle peta en calquer lado. Total, ¡eso que máis dá!

Mire, lle preocupaba ao señor Aymerich os xogos olímpicos. ¡Home!, pois, ¿non lle parece interesante que Galicia puidera contar cunha proba deses xogos olímpicos ben en materia de piragüismo, de remo, en calquera actividade náutica, a vela, e que fora aquí? Se vostede estaba tan preocupado pola Universiada –que pola universidad xa veo que non están–, pero coa Universiada, ¿quen lle impide facer propostas de resolución? ¡É que eu non me explico! E nos di a nós con toda a cara: fágano vostedes. Pero, ¿parécelle pouco o que traballamos, con 573? (*Aplausos.*) Os que tiñan tempo eran vostedes, a vostede sobráballes o tempo.

Mire, señora presidenta, eu remato porque o máis interesante ... ¡Ah, e logo moitos minutos me deu!

A señora PRESIDENTA: Lle din dez.

O señor RUÍZ RIVAS: ¡Ah! Pois, perfecto, por un día, por un día me podo exprayar perfectamente que aínda me vai a sobrar.

Nós, evidentemente, rachamos con esa propaganda que tan ben vostedes queren levar adiante que se chama “o Goberno do consenso, o Goberno do talante”. ¿Ulo?

Comisións de investigación. Non queren aprobar, ¿verdad?, ningunha, nin que os grupos teñan a posibilidade, ¡eh!, durante unha lexislatura, de dicirlle as que... Dúas, ¿verdad? Como vostedes en tan pouco tempo non teñen máis que, ¿verdad?, esgotar todas as que podían haber aprobado, eso é fácil. ¿Incendios? Non. ¿Salnés? O pasado. As que están aprobadas sempre as tuvo que solicitar este grupo e vostedes anduveron precisamente a rebufo destes acordos. Pero as que pide o noso grupo e non poden ir para atrás, alto aí; quieto parado. Se morren catro paisanos nos incendios forestais e queimamos 100.000 hectáreas, eso non é para investigar. Se se fai unha adxudicación irregular que nos vai a costar 30 millóns, que se lle dá unha asistencia técnica aos amigos, ¡eh!, e, de tres, dúas son do mesmo, eso non se pode inves-

tigar, non vaia ser que haia unha responsabilidade política. Ben, ¡alá vostedes con esa transparencia!

Ao señor presidente, que tanto presume de vir a este Parlamento, eu lle digo que antes o señor Fraga respondía cada mes a dúas preguntas da oposición. O señor Touriño, con tanto talento e talante, só responde a dúas preguntas da oposición; a diferenza é dobre. A primeira: que un día xa non foi ao señor presidente, que este grupo quíxolle facer unha pregunta ao seu Goberno, o cachondeo –con perdón– que se trouxeron vostedes fixo imposible que fixera a súa pregunta. E vostedes, cada mes, fan catro preguntas de autobombo (*Aplausos.*) Esa é a diferenza. O señor Fraga daba as mesmas contas e rexeitaba o autobombo.

Polo tanto, leccións de talante, nada de nada. A nós dennos exemplo, aproben as comparecencias que solicita este grupo, deixen de boicotear o interese que temos e que ten a sociedade en falar de temas actuais a través de comparecencias que xa están caducadas... O outro día nin máis nin menos traía unha que estaba presentada desde o ano 2005, ¡xa me dirán o interese que ten para vostedes!

Señora presidenta, nós, a diferenza do que dixeron os grupos, que nos aproban 10, transaccionan 13 de 17 –eso é o talante; hai cantidade de cuestións que irán salindo aos días, día a día, do que vostedes foron capaces de dicir que non en cuestión importantísima para moita xente que o está pasando mal–... Ben, pois nós, a diferenza desto, vamos a dicir que si a nove dese extenso e gran traballo que fixeron –de 28 propostas–, vámoslle a dicir que si a nove, que son: a 1, 2, 5, 8, 14, 21, 23, 24, 26. Vámoslle a transaccionar, como ben saben, a 28, a 16 e a 9, e vámonos abster en outra.

Polo tanto, señores da soberbia, volvo a repetir, soberbia é non escoitar; soberbia é levar dezaseis ou vinte meses de goberno e pensar que vostedes solucionaron todos os problemas deste país. Se non saben salir de Monte Pío, se non saben salir do coche oficial, se non volven a pisar a rúa, se non escoitan os seus veciños, os seus paisanos, que están vivindo os seus problemas –que vostedes din que non existen–, seguirán facendo o que ata agora están a facer: estar parados, mirar para o outro lado, conservar ese Monte Pío, conservar o sillón e, mentras tanto, os galegos do 2007 están peor que os do 2005.

Máis nada e moitas grazas, señora presidenta. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Ruíz Rivas.

Bueno, lles prego aos señores voceiros que estean atentos porque temos algo complicada a votación coas transaccións que hai.

Entón, se lles parece, vou empezar polo Bloque Nacionalista Galego. O señor Lobeira me vai a decir..., vai a dar lectura ás transaccións, me ten que decir o número, obviamente, de propostas de resolución para que eu poida ir anotando; as transaccionadas cos tres grupos, se sobreentende, claro.

O señor LOBEIRA DOMÍNGUEZ: Si, señora presidenta, moitas grazas.

Vou dar conta dalgunhas das transaccións e acordos aos que chegaron os grupos parlamentares no correspondente proceso de negociación:

As números 29 e 30, apresentadas polo Grupo Popular, cunha transacción que ficaría do seguinte xeito: “O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza á posta en marcha de actuacións que incidan na concienciación da mocidade sobre os perigos e consecuencias dunha condución non responsábel no prazo máis breve posíbel.”

A número 275, tamén do Partido Popular, coa seguinte redacción: “O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a que presente nesta Cámara, antes de que remate o próximo período de sesións, un avance do Plan sectorial de vivenda anunciado pola Xunta de Galiza onde se especifique en que concellos se ten previsto facer vivendas de promoción pública”.

As propostas de resolución número 340, 345, 346 e 347, do Partido Popular. O texto ficaría do seguinte xeito: “O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

Primeiro.- Impulsar unha campaña de comunicación e información vinculadas á cultura e promoción do viño.

Segundo.- Promover campañas de divulgación das axudas postas á disposición dos viticultores para a incorporación de mozos e mozas, plans de mellora e reestruturación e recon-

versión de viñedos e outras orientadas á mellora da situación das explotacións vitícolas.

Terceiro.- Apoiar os consellos reguladores para o establecemento de campañas de promoción do viño das diferentes denominacións de orixe nos mercados externos.”

A seguinte é unha transacción entre a proposta de resolución número 16, apresentada polo BNG e Grupo Socialista, coa número 350 do Partido Popular. Implicaría acrescentar un novo punto co seguinte texto: “Cuarto.- Substanciárase unha comparecencia no Parlamento para dar conta do documento elaborado ao efecto, remitíndoo previamente a esta institución.”

Finalmente, a proposta de resolución número 438, do Grupo Popular, que ficaría do seguinte xeito: “O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a potenciar e mellorar a práctica do deporte escolar, ampliando a súa idade de aplicación, diversificando as disciplinas e dando entrada aos deportes alternativos e fomentando a igualdade de sexos na actividade deportiva”.

E a emenda número 28, do Bloque Nacionalista Galego..., perdón, a proposta de resolución número 28 apresentada polo Bloque Nacionalista Galego e o Grupo Socialista, que ficaría do seguinte xeito: “O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a asinar no prazo máis breve posíbel un convenio marco de colaboración en formación e xestión cos concellos de Galiza a través da Fegamp para a aplicación de toda a normativa técnica da construción derivada do código técnico de edificación, do decreto de hábitat galego, do decreto de eficiencia enerxética e das directivas europeas coas consellarías competentes nestas materias”.

Máis nada, grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Lobeira.

Señor Leiceaga, vostede vai a informar de algunhas outras, non destas.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Si, en primeiro lugar, a proposta número 56 do Partido Popular, que quedaría do seguinte xeito: “O Parlamento insta a Xunta de Galicia a intensificar un programa de emprego con apoio, a través da

figura do preparador laboral como figura de apoio, dentro das empresas, que permita aos discapacitados que o precisen o soporte necesario, dentro e fóra do lugar de traballo, dirixido a facilitar ao traballador a adquisición das habilidades propias do posto laboral no que se vai integrar”.

Tamén a 150, do Partido Popular, que quedaría do seguinte xeito: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que no ano 2008 poña en marcha actuacións que favorezan a captación de investimentos empresariais e potencie a internacionalización da economía galega”.

A 229, do Partido Popular, que quedaría do seguinte xeito: “O Parlamento insta a Xunta de Galicia a culminar no ano 2008 o Plan de transporte metropolitano de Galicia”.

A 283, do Partido Popular, que se transacciona coa número 9 das presentadas polo Partido Socialista de Galicia e o Bloque Nacionalista Galego, que quedaría do seguinte xeito: “O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que poña en marcha o Instituto de Estudos do Territorio e a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística antes do final do presente ano”.

E, por último, a proposta número 544, do Partido Popular, que quedaría do seguinte xeito: “O Parlamento insta a Xunta de Galicia a axilizar e recortar os prazos anunciados para o cumprimento da Directiva europea 91/271/CEE, sobre o tratamento de augas residuais urbanas e, en especial, no relativo ás depuracións das augas procedentes de aglomeracións de máis de 20.000 habitantes ou equivalentes, para o cal se insta a licitar todas as depuradoras necesarias antes do 31-12-2007, sempre e cando os concellos afectados poñan á disposición da consellería os terreos necesarios para tal fin”.

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Leiceaga.

¿Señor Ruíz Rivas?

O señor RUÍZ RIVAS: Nada.

A señora PRESIDENTA: Señor Roberto Castro; perdón, señor Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: A efectos, supoño, señora presidenta, a efectos de instruír por votación, porque as propostas que xa plantexaron...

A señora PRESIDENTA: Son todas as transaccionadas...

O señor CASTRO GARCÍA:... son as que están plantexadas...

A señora PRESIDENTA: E que como me dixeron que tiñan vostedes o control distribuído...

O señor CASTRO GARCÍA: Nós si ofrecéramos a proposta 234 nosa a cambio da 307 para un pacto polo idioma, pero eso non foi aceptado, e, polo tanto, en principio, [...] claro.

A señora PRESIDENTA: Entón, se lles parece, imos a votar primeiro as transaccionadas e despois lles preguntarei aos grupos cómo queren votar o resto das propostas de resolución, cómo as agrupamos.

Lles pido, por favor, que estén atentos os voceiros para ver si non me confundo.

Vamos a votar os textos transaccionados e as propostas de resolución do Partido Popular número 29 e 30, 275, 340, 345, 346 e 347, a 438. E, ademais, a transacción das conxuntas, das conxuntas, a 16, 450, do Partido Popular, e unha transacción da número 28 das propostas conxuntas. Esa é información súa, ¿está ben? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* 350, si, si. ¿Está?

Ademais votaremos a 56, 150, 229, 544 e a 283, todas estas do Partido Popular; esta última transaccionada ca conxunta dos grupos parlamentarios nacionalista e socialista, a número 9.

Bueno, vamos a votar, por tanto, estas propostas de resolución transaccionadas.

(Votación.) (Pausa.)

Presentes na Cámara, 74; votan afirmativamente, 74.

Quedan, por tanto, aprobadas estas propostas de resolución por unanimidade.

Nada, perdonar que me esquencín de disculpar a asistencia da nosa compañeira, a señora González Méndez, diputada, e que xa foi nai, e que estou segura de que todos nos congratulamos. E lles mandarei, pois, as felicitacións de parte de toda a Cámara.

Votamos agora... Que lle quero preguntar ao señor Castro García como quere que se voten as propostas de resolución conxunta dos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista e do Partido Socialista.

O señor CASTRO GARCÍA: Si, señora presidenta.

Sobre as propostas presentadas polos dous grupos que apoian ao Goberno votaríamos nun grupo as propostas 1, 2, 5, 8, 14, 21, 23, 24 e 26. Noutro grupo, señora presidenta, votaríamos as propostas 3, 4, 6, 7, 10, 11, 13, 15, 17, 18, 19, 20, 22 e 27. E nun terceiro grupo, este máis pequeno, máis reducido, a número 12 e a número 25. O resto de propostas xa foron votadas con anterioridade a través da transacción que xa foi anunciada por vostede mesma.

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias.

Imos a votar, por tanto, as propostas de resolución dos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia, comenzando polo grupo..., propostas número 1, 2, 5, 8, 14, 21, 23, 24 e 26.

Votamos.

(Votación.) (Pausa.)

Temos que repetir, que algo pasou aquí. Se non lles importa, repetimos a votación.

Votamos.

(Votación.) (Pausa.)

Presentes na Cámara, 74; votan afirmativamente, 74.

Quedan, por tanto, aprobadas estas propostas de resolución.

Votamos agora o seguinte bloque das propostas de resolución conxuntas: 3, 4, 6, 7, 10, 11, 13, 15, 17, 18, 19, 20, 22 e 27.

Votamos.

(Votación.) (Pausa.)

Presentes na Cámara, 74; votan afirmativamente, 38; negativamente, 36.

Quedan, por tanto, aprobadas estas propostas de resolución.

Votamos agora as números 12 e 25.

Votamos.

(Votación.) (Pausa.)

Presentes na Cámara, 74; votan afirmativamente, 38. Non hai votos negativos. Hai 36 abstencións.

Quedan, por tanto, aprobadas estas propostas de resolución.

Quero preguntar agora aos voceiros do Grupo Parlamentario do Bloque, en primeiro lugar, cómo solicitan que votemos agrupadas as do Grupo Parlamentario Popular.

O señor LOBEIRA DOMÍNGUEZ: Si, grazas, señora presidenta.

Á marxe das xa votadas, das transaccionadas, nós agruparíamos as seguintes emendas: as números 72, 93, 148, 150 –que está aceptada–, 238 –¡ah!, non está aceptada–, 72, efectivamente. E comezando polo principio: 335, 417, 446, 438... –non, a 438 non–, 448...

A señora PRESIDENTA: Perdón, ¿cuatro centos...?

A señora PRESIDENTA: Primeiro vou a confirmar o que dixo o señor Lobeira e logo falamos. ¡Por favor!: 72, 335, 417, 446 e 448... *(Murmurios.)*, 446 e 448. Polo de agora non...

A ver, señor Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Si, eu entendo, polas conversas previas, que vamos a votar de forma separada a número 72 para confirmar; a 72, a 93, a 148, a 417, a 446, a 448, a 464, a 508, a 507 e a 335.

A señora PRESIDENTA: A ver, vou a dar lectura a ver si agora cos dous confirmamos..., podo confirmar o que dixo o señor Lobeira e o señor Leiceaga: 72, 93, 148, 335, 417, 446, 448, 464, 508, 507 e 335. ¿Así? Bueno.

(Un señor deputado pide a palabra.)

Si, vostede..., ¿vostede non pedirá votación separada das súas propias propostas de resolución? ¿Tamén quere pedilas separadas? Bueno, se lle parece, vamos a votar estas.

Votamos.

(Votación.) (Pausa.)

Presentes na Cámara, 74; votos afirmativos, 74.

Quedan, por tanto, aprobadas estas propostas de resolución.

Señor Castro García, vostede sempre ten que separar algunha, a ver.

O señor CASTRO GARCÍA: Vamos a ver, señora presidenta. Dous grupos delas, nada máis. É dicir, solo é a complicación de que vostede tome nota, pero vou ir despacio para que non haxa ningunha dificultad.

Primeiro grupo: 1, 5, 7, 10, 77, 100, 117, 120, 127, 143, 144, 155, 164, 195, 248, 270, 284, 314, 352, 361, 381, 424, 454, 488, 489, 501, 524, 525, 527, 528, 552, 554 e 560, eso nun grupo. E no outro, por aquilo do cumprimento da legalidade constitucional referéndum, un grupiño, para que haxa un retrato fixo, foto fixa, 572 e 573.

Moitas gracias, señora presidenta, pola súa paciencia e pola súa benevolencia.

A señora PRESIDENTA: Vamos a votar o primeiro grupo. Señor Castro García, vou a repetir para que comproben; 1, 5, 7, 10, 77, 100, 117, 120, 127, 143, 144, 155, 164, 195, 248, 270, 284, 314, 352, 361, 381, 424, 454, 488, 489, 501, 524, 525, 527, 528, 552, 554 e 560.

Votamos.

(Votación.) (Pausa.)

Presentes na Cámara, 74; votos afirmativos, 36; votos negativos, 38.

Quedan, por tanto, rexeitadas estas propostas de resolución.

Votamos agora a 572 e 573.

Votamos

(Votación.) (Pausa.)

Presentes na Cámara, 74; votos afirmativos, 36; votos negativos, 38.

Quedan, por tanto, rexeitadas estas propostas de resolución

Votamos agora o resto das propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular que non teñamos votado até agora nin transacionadas nin nestes grupos que nos propuxo o señor Castro García.

Votamos.

(Votación.) (Pausa.)

Presentes na Cámara, 74; votos afirmativos, 36; votos negativos, 38.

Quedan, por tanto, rexeitadas estas propostas de resolución.

Rematadas as votacións, é tradicional que haxa un turno de cinco minutos de explicación de voto para os voceiros, comenzando, por tanto, polo señor Aymerich Cano, voceiro do Bloque Nacionalista Galego.

O señor AYMERICH CANO: Moi brevemente.

Aprobáronse unhas propostas de resolución que marcan, desde logo, un guieiro para o Goberno no próximo exercicio político. Cando falemos dentro de pouco dos orzamentos, marcaremos as ferramentas pra que estas propostas de resolución e outros programas do Goberno xa explicados onte, nos que o Goberno vén traballando, podan ser executados tamén nese exercicio político, e, en todo caso, desde o Bloque Nacionalista Galego estamos contentes, congratulámonos de que este Goberno estea comprometido sen complexos coa lingua galega; que este Goberno estea comprometido sen complexos coa democracia; que este Goberno estea comprometido, tamén sen complexos, coa defensa do autogoberno de Galiza, de maior poder político para este país; lamentamos que o espazo para o acordo co Partido Popular

fose tan escaso, e recomendamos, se é que se pode facer neste turno, que revisen algunhas das súas posicións, que non nos parecen, desde logo, nin propias deste debate nin propias, tampouco, dun partido que quere representar –disque– a moitos galegos en pleno século XXI; en todo caso, alá eles. O Goberno traballa, e esta maioría é capaz de sustentalo sen contar co Partido Popular.

Moitas gracias.

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Aymerich.

Señor Rego, ten vostede a palabra.

O señor REGO GONZÁLEZ: Moitas gracias, señora presidenta.

Señorías, certamente eu penso que o debate do estado da Autonomía deste ano 2007 conformouse como un grande espacio de oportunidade para confirmar a boa situación na que se atopa Galicia e o seu Goberno. Un país que avanza con firmeza cara á construción do seu futuro de modernización; un país con ambición, que camiña claramente hacia o pleno emprego e que camiña tamén hacia un maior crecemento económico e, desde logo, cunha perspectiva clara e dirixida a conquistar o superávit social.

O mensaxe de ontes, o balance de ontes que fixo o presidente da Xunta de Galicia neste Parlamento, expresando con claridade as medidas que había adoptado o Goberno e tamén as consecuencias que habían suposto para os galegos e as galegas, especialmente para o seu benestar, todo o que ten que ver cun amplo paquete de medidas de carácter social e económico que fixeron que a nosa economía medrase máis que nunca, que o noso emprego evolucionase favorablemente e que, ademais, non solamente crecéramos máis senón que fóramos capaces de distribuír mellor hacia a protección social dos nosos cidadanos. E o que nos parece máis importante, o presidente tamén anunciou ontes un paquete de medidas moi relevante cara á protección social dos nosos cidadanos; reforzar todo o noso tecido social e a protección do conxunto dos cidadanos. Falouse, sin duda, do complemento de pensións; falouse da mellora do transporte público, falouse da capitalización de servizos básicos para a poboación, como é o ensino e a sanidade; falouse, señorías, dos problemas que afectan aos galgos e ás galegas, os de hoxe e

os de mañá; aquí falouse tamén claramente do que vai a ser, debe ser e está sendo xa a protección do noso territorio.

Polo tanto, señorías, o debate, ao noso xuicio, foi tamén moi clarificador. Por un lado falouse dos cidadanos e dos seus problemas, e tamén é certo que se falou dos problemas que ten o PP cos cidadanos; tamén é certo que se falou deso. Tamén se falou dos problemas que o señor Núñez Feijoo e o Partido Popular ten cos cidadanos. Seguramente que hoxe en Génova produciuse un *¡huy!* cando se produxo aquí unha votación. *¡Que bien nos va porque los míos me apoyan en Galicia y mi estrategia! Estrategia que pretende demostrar que España y las comunidades autónomas están en peligro.* E eu dígolles, señores do Partido Popular, para España e para Galicia non son un peligro nin siquiera vostedes. Polo tanto, non se preocupen que non vai haber ningún tipo de problemas para naide de nós.

Demostrounos, señorías que hai un goberno que goberna, que defende os intereses de Galicia con firmeza pero tamén con talante, da man da cidadanía; camiña con peso en España, en Europa e no mundo, un presidente que preside un Goberno de coalición, sin ningún tipo de complexos, pero que pon todos os días toda a carne no asador para resolver mellor e con máis eficacia os problemas que afectan a nosa cidadanía. Decía eu que fora moi clarificador o debate, señorías, porque demostrou tamén que, namentras que hai un bo Goberno que goberna e uns grupos que o sustentan, sin duda tamén hai unha oposición como hai en toda democracia. Non sería lóxico nin xusto non facer referencia a ela pola miña parte, o que si teño que dicir é que, polo de agora, señorías, se trata no noso país de unha oposición claramente en prácticas, pero non cabe dúbida que poden mellorar.

Moitas gracias. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Rego González.

Señor Núñez Feijoo, ten a palabra. Por favor, silencio. ¡Por favor!

O señor NÚÑEZ FEIJOO: Moitas gracias, señora presidenta.

Señorías, onte ofreceu o Partido Popular unha serie de ofertas para intentar chegar a un acordo. Había basicamente dúas

ofertas. Unha, ¿estábamos de acordo en complementar as pensións non contributivas? Segunda oferta, ¿estábamos de acordo en mellorar o noso autogoberno e buscar fórmulas —dado que fracasa a actitude do Goberno actual coa actitude do Goberno socialista en Madrid—, buscar fórmulas para mellorar ese autogoberno? As dúas propostas que se nos fixo ao Partido Popular foron aceptadas desde a tribuna e, sen embargo, non se incluíron nas 28 propostas do Goberno bipartito de Galicia. *(Aplausos.)* Eso, señoría, quere decir o que quere decir. Quere decir que as dúas propostas eran do Bloque e non foron aceptadas polo Partido Socialista Obreiro Español; eso é xustamente o que quere decir. *(Aplausos.)* Nós, señoría, seguimos pensando que non vivimos nun país das estrelas, nin siquiera na *Champions League*, nós vivimos nun país que se chama Galicia, que cando escoita estas cousas dos políticos supoño que dirá: ¡Pero esta xentiña que é o que está decindo neste Parlamento! E por eso, señoría, cando escoitamos que vivimos no país das estrelas e estamos nun país que ten o 80% da renda media española; cando vivimos nun país cos salarios máis baixos, xunto con Extremadura, de toda España; e cando vivimos nun país que nos dous últimos anos o 90% do contratos que se celebraron foron temporais, non hai ningún galego, salvo un, que diga que Galicia vive no país das estrelas. ¡Alá eles, señorías! ¡Alá eles! *(Aplausos.)*

Tamén recibimos unha serie de propostas que creímos que iban en serio. Recibimos unha proposta por recuperar o consenso da lingua. No grupo parlamentario, hoxe pola mañá, aceptábamos todas as propostas que fixo o Goberno e os grupos parlamentarios para reconstruír o pacto. Soamente pedíamos que se admitira dentro do pacto a proposta do Partido Popular, que é dar liberdade dentro do bilingüismo que temos en Galicia. E resulta, señorías, que, cando lle ofrecemos ese pacto de votar todas as súas propostas a favor, vostedes non aceptan ningunha proposta do Partido Popular na lingua. ¡Alá vostedes e a súa soedade. Porque, señorías, o importante non é ter un deputado máis ou un deputado menos. Non, señorías, ¡en ningún caso! O importante é escoitar a xente, e a xente o que pide é galego en liberdade e castelán en liberdade. A lingua propia de Galicia, señoría, a vamos a falar sempre, non cando nos mande o Goberno, porque, con que sigan así, se falará menos, se falará menos. *(Aplausos.)*

Señoría, lle propuxemos un pacto, un pacto polas pensións non contributivas; pensábamos que iban en serio. Resulta que o señor Touriño, vendo os xornais hoxe, se dá conta e se decata

que a proposta era do señor Quintana de fai un ano, e non a podía admitir. E nós pensábamos que este Goberno, cando o seu presidente pechou o turno de intervencións facendo unha proposta a 55.000 galegos, dunha pensión non contributiva, complementala, pensábamos que iba en serio, e propuxemos unha cuantía que nos parece razoable, un mínimo de 20 euros ao mes, 240 euros ao ano. Señor Leiceaga, esto ten que aprobarlo o Parlamento, non o Goberno, e agora tiñamos a posibilidade de decirlle, agora pola noite, que todos os galegos con pensións non contributivas tiñan dereito a que se lle incrementara, como mínimo, nunha cuantía, e vostedes outra vez volveron a negar que os galegos teñan un complemento das pensións non contributivas. ¡Alá vostedes, señoría! ¡Alá vostedes!

Eu escoitei este fin de semana como todos, pero con moitísima menos intensidade que o señor Touriño, decir: Os que propoñan un pacto, os que propoñan un referéndum de soberanía e de independentismo en España, se confunden de país, de continente e de século. Señor Touriño, vostede o escoltoou cunha nitidez absoluta, e o decía o señor Rodríguez Zapatero. Creo que a Galicia lle interesa falar desto, porque ningún vasco é mais que nós, ningún catalán ten máis dereitos que nós, e si esos señores queren votar o que lles pete, tamén nós temos dereito a decirlle o que pensamos. O que ocorra con Cataluña nos interesa a nós; o que ocorra no País Vasco nos interesa a nós; de igual forma que a eles lles interesa que Galicia esté á cola das comunidades autónomas de España, da mesma forma.

En consecuencia, señoría, lle volvo a reiterar, Génova é unha cidade italiana, Ferraz é unha rúa de Madrid, moi céntrica, e, en consecuencia, lle decimos desde Galicia: Miren, señorías, o señor Touriño dice unha cousa en Silleda e outra en Santiago, e sólo hai vinte quilómetros de diferenza. *(Aplausos.)* Vinte quilómetros de diferenza.

E, en consecuencia, señorías...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando....

O señor NÚÑEZ FEIJOO:... nós decimos o mesmo...

A señora PRESIDENTA:... señor Núñez Feijoo.

O señor NÚÑEZ FEIJOO:... non temos inconvinte, non temos inconvinte.

Remato, señoría.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor NÚÑEZ FEIJOO: Parafraseando ao señor Zapatero, este Goberno se equivoca de país, de continente e de século.

Síntoo por vostede, señor presidente.

Moitas gracias. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias.

Moitas gracias. Por favor.

Agotada a orden do día, levántase a sesión.

Moitas gracias e boas noites.

Remata a sesión ás nove e dez minutos da noite.

**RELACIÓN DE DEPUTADOS E DEPUTADAS PROCLAMADOS ELECTOS
POR CADA CIRCUNSCRICIÓN****PROVINCIA DA CORUÑA****Polo Partido Popular (PP):**

- 1.- Ángel Bernardo Tahoces
- 2.- Diego Calvo Pouso
- 3.- José Manuel Castelao Bragaña
- 4.- María Marta Cerdido Pintos
- 5.- Carlos Negreira Souto
- 6.- Beatriz Mato Otero
- 7.- José Antonio Orza Fernández
- 8.- Jaime Alberto Pita Varela
- 9.- Manuel Santos Ruíz Rivas
- 10.- Alberto Sueiro Pastoriza
- 11.- José Antonio Santiso Miramontes

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE):

- 1.- María del Mar Barcón Sanchez
- 2.- Francisco Cerviño González
- 3.- Xoaquín María Fernández Leiceaga
- 4.- José Manuel Lage Tuñas
- 5.- José Luís Méndez Romeu
- 6.- Beatriz Sestayo Doce
- 7.- María Soledad Soneira Tajés
- 8.- Luís María Tojo Ramallo

Polo Bloque Nacionalista Galego (BNG):

- 1.- Carlos Ignacio Aymerich Cano
- 2.- Carlos Fernando Blanco Parga
- 3.- Ana Belén Pontón Mondelo
- 4.- Anxo Manuel Quintana González
- 5.- Pablo González Mariñas

PROVINCIA DE LUGO**Polo Partido Popular (PP):**

- 1.- Agustín Baamonde Díaz
- 2.- José Manuel Balseiro Orol
- 3.- Jaime Castiñeira Broz
- 4.- Susana López Abella
- 5.- Manuela López Besteiro
- 6.- Dámaso López Rodríguez
- 7.- Carmen Janet Salgado Núñez
- 8.- María Isabel García Pacín

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE):

- 1.- María de la Concepción Burgo López
- 2.- Margarita Pérez Herraiz
- 3.- Ismael Rego González
- 4.- José Tomé Roca
- 5.- Ricardo Jacinto Varela Sánchez

Polo Bloque Nacionalista Galego (BNG):

- 1.- Manuel Parga Núñez
- 2.- María Cristina Ferreiro López

(Continúa)

POVINCIA DE OURENSE

Polo Partido Popular (PP):

- 1.- José Manuel Baltar Blanco
- 2.- Roberto Castro García
- 3.- María Amparo González Méndez
- 4.- Aurelio Domingo Miras Portugal
- 5.- Maximino Rodríguez Fernández
- 6.- Antonio Rodríguez Miranda
- 7.- Miguel Ángel Santalices Vieira
- 8.- María Luisa Valladares Rodríguez

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE):

- 1.- María del Carmen Acuña do Campo
- 2.- Pablo Xabier López Vidal
- 3.- Laura Carmen Seara Sobrado
- 4.- Manuel Vázquez Fernández

Polo Bloque Nacionalista Galego (BNG):

- 1.- María Tereixa Paz Franco
- 2.- Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

POVINCIA DE PONTEVEDRA

Polo Partido Popular (PP):

- 1.- José Cuiña Crespo
- 2.- José Ferverza Costas
- 3.- Alejandro Gómez Alonso
- 4.- Enrique César López Veiga
- 5.- Ignacio Javier López-Chaves Castro
- 6.- Alberto Nuñez Feijoo
- 7.- Xesús Palmou Lorenzo
- 8.- César Augusto Pérez Ares
- 9.- Marta Rodríguez Arias
- 10.- Pilar Rojo Noguera

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE):

- 1.- María del Carmen Cajide Hervés
- 2.- Carmen Gallego Calvar
- 3.- José Manuel Gallego Lomba
- 4.- Abel Fermín Losada Álvarez
- 5.- Guillermo Antonio Meijón Couselo
- 6.- Emilio Pérez Touriño
- 7.- Modesto Pose Mesura
- 8.- Dolores Villarino Santiago

Polo Bloque Nacionalista Galego (BNG):

- 1.- Bieito Lobeira Domínguez
- 2.- María Carme da Silva Méndez
- 3.- Xosé Ramón Paz Antón
- 4.- María Modesta Riobó Dios

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1.- Acuña do Campo, María del Carmen	(PS deG-PSOE)
2.- Aymerich Cano, Carlos Ignacio	(BNG)
3.- Baamonde Díaz, Agustín	(PP)
4.- Balseiro Orol, José Manuel	(PP)
5.- Baltar Blanco, José Manuel	(PP)
6.- Barcón Sánchez, María del Mar	(PS deG-PSOE)
7.- Barreiro Fernández, José Manuel	(PP)
8.- BernardoTahoces, Angel	(PP)
9.- Blanco Parga, Carlos Fernando	(BNG)
10.- Burgo López, María de la Concepción	(PS deG-PSOE)
11.- Cajide Hervés, María del Carmen	(PS deG-PSOE)
12.- Calvo Pouso, Diego	(PP)
13.- Castelao Bragaña, José Manuel	(PP)
14.- Castiñeira Broz, Jaime	(PP)
15.- Castro García, Roberto	(PP)
16.- Cerdido Pintos, María Marta	(PP)
17.- Cerviño González, Francisco	(PS deG-PSOE)
18.- Cuiña Crespo, Xosé	(PP)
19.- da Silva Méndez, María Carme	(BNG)
20.- Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(PS deG-PSOE)
21.- Fervenza Costas, José	(PP)
22.- Gallego Calvar, Carmen	(PSdeG-PSOE)
23.- Gallego Lomba, José Manuel	(PSdeG-PSOE)
24.- Gómez Alonso, Alejandro	(PP)
25.- González Mariñas, Pablo	(BNG)
26.- González Méndez, María Amparo	(PP)
27.- Lage Tuñas, José Manuel	(PSdeG-PSOE)
28.- Lobeira Domínguez, Bieito	(BNG)
29.- López Abella, María Susana	(PP)
30.- López Besteiro, Manuela	(PP)
31.- López Rodríguez, Dámaso	(PP)
32.- López Veiga, Enrique César	(PP)
33.- López Vidal, Pablo Xabier	(PSdeG-PSOE)
34.- López-Chaves Castro, Ignacio Javier	(PP)
35.- Losada Álvarez, Abel Fermín	(PSdeG-PSOE)
36.- Mato Otero, Beatriz	(PP)
37.- Meijón Couselo, Guillermo Antonio	(PSdeG-PSOE)
38.- Méndez Romeu, José Luís	(PSdeG-PSOE)
39.- Miras Portugal, Aurelio Domingo	(PP)
40.- Negreira Souto, Carlos	(PP)
41.- Núñez Feijoo, Alberto	(PP)
42.- Orza Fernández, José Antonio	(PP)
43.- Palmou Lorenzo, Xesús	(PP)
44.- Parga Núñez, Manuel	(BNG)
45.- Paz Antón, Xosé Ramón	(BNG)
46.- Paz Franco, María Tereixa	(BNG)
47.- Pérez Ares, César Augusto	(PP)
48.- Pérez Herraiz, Margarita	(PSdeG-PSOE)
49.- Pérez Touriño, Emilio	(PSdeG-PSOE)
50.- Pita Varela, Jaime Alberto	(PP)
51.- Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
52.- Pose Mesura, Modesto	(PSdeG-PSOE)
53.- Quintana González, Anxo Manuel	(BNG)
54.- Rego González, Ismael	(PSdeG-PSOE)
55.- Riobó Dios, María Modesta	(BNG)
56.- Rodríguez Arias, Marta	(PP)
57.- Rodríguez Fernández, Maximino	(PP)
58.- Rodríguez Miranda, Antonio	(PP)
59.- Rojo Noguera, Pilar	(PP)
60.- Ruíz Rivas, Manuel Santos	(PP)
61.- Salgado Núñez, Carmen Janet	(PP)
62.- Santalices Vieira, Miguel Ángel	(PP)
63.- Santiso Miramontes, José Antonio	(PP)
64.- Seara Sobrado, Laura Carmen	(PSdeG-PSOE)
65.- Sestayo Doce, Beatriz	(PSdeG-PSOE)
66.- Soneira Tajés, María Soledad	(PSdeG-PSOE)
67.- Sueiro Pastoriza, Alberto	(PP)
68.- Tabares Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
69.- Tojo Ramallo, Luís María	(PSdeG-PSOE)
70.- Tomé Roca, José	(PSdeG-PSOE)
71.- Valladares Rodríguez, María Luisa	(PP)
72.- Varela Sánchez, Ricardo Jacinto	(PSdeG-PSOE)
73.- Vázquez Fernández, Manuel	(PSdeG-PSOE)
74.- Vega Buxán, María Xosé	(BNG)
75.- Villarino Santiago, Dolores	(PSdeG-PSOE)



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25